



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 06 DE MARZO DE 2017.

ASISTENTES:

Alcalde-presidente

D. XOSE CARLOS VALCARCEL DOVAL (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as

D. VICTORIA MORENZA DOFORNO (PSdeG-PSOE)
D. MARGARITA PEREZ FERNANDEZ (PSdeG-PSOE)
D. JOSE RAFAEL SIERRA CARRIL (PSdeG-PSOE)
D. ADRIAN VARELA VAZQUEZ (PSdeG-PSOE)
D. XOSE MANOEL FIRVIDA PLAZA (BNG)
D. ANXELA GONZÁLEZ CID (BNG)
D. SERAFIN NÚÑEZ PEREZ (BNG)
D. M^a CONSUELO VISPO SEARA (P. P.)
D. MANUEL GONZÁLEZ VÁZQUEZ (P. P.)
D. NIEVES CARRIL GÓMEZ (P.P.)
D. MANUEL ANGEL FERNÁNDEZ QUINTAS (P.P.)
D.^a SERAFINA VARELAS VIEIRIA (D.O)
D. RAMÓN PADRÓN CALVIÑO (GRUPO MIXTO)

Secretaria Accidental

D^a M^a Esther Castro Vázquez

Ausentes:

D^a MIRIAM PRIETO VALDES (P.P.)
D. JUAN CARLOS VILLANUEVA FERNÁNDEZ (P. P.)
D.^a JULIA JACOME PÉREZ (D.O.)

No salón de Plenos da Casa do concello de Barbadás, sendo as 19:30 horas do día 6 de marzo de 2017 reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. alcalde, coa asistencia dos Sres./as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario, M^o Esther Castro Vázquez

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procedese á análise dos puntos da orde do día.



PARTE RESOLUTIVA

O sr. Alcalde toma a palabra: Boas tardes a todos e a todas. Empezamos xa con un pouco de atraso, hoxe hai varias ausencias por causas xustificadas pídolles a todos os Concelleiros e Concelleiras que concreten as súas propostas, que se cingan aos tempos e que abramos un debate sempre construtivo, que non entremos en dinámicas, que non son as máis acordes á vida política, penso eu, que non interesan aos veciños e veciñas, insisto agradecemos que se cingan aos tempos. Empezamos entón, e benvido ao público asistente, moitas grazas por estar aquí.

A sra. González toma a palabra (BNG): Imos ler un manifesto porque o día 8, pasado mañá, é o Día internacional da Muller. O día 8 de marzo día internacional das mulleres simboliza e reivindica a loita das mulleres na defensa dos seus dereitos e na defensa da igualdade. Tamén é unha xornada para a reflexión, para sinalar novos retos e para renovar compromiso no longo camiño cara a igualdade, aínda queda moito por avanzar para erradicar o machismo imperante na nosa sociedade que segue reproducindo unha historia social desigual. A fenda salarial e a precariedade laboral no caso das mulleres son unha realidade aínda por atallar. A desigualdade no reparto das responsabilidades familiares e domésticas repercuten negativamente sobre as mulleres, a escasez de mulleres en postos directivos e de índole política segue a ser unha realidade. A violencia contra as mulleres en constante aumento e o feminicidio son a expresión máis radical das desigualdades existentes, entre homes e mulleres na sociedade actual, o incremento da relacións nocivas e machistas entre nenos e nenas e adolescentes é a proba de que a situación non tende a mellorar. Por todo isto a pobreza e a exclusión social teñen nome de muller. Grazas ao movemento feminista ao longo da historia foron moitos os avances pero insuficientes, insuficientes mentres exista unha soa muller violada, explotada sexualmente, maltratada, acosada, ou simplemente discriminada en calquera ámbito da súa vida polo feito de ser muller. Falta moito por avanzar, avanzar cara un novo pensamento global impregnado de perspectiva de xénero, para acadar unha igualdade real e efectiva para todas as mulleres e homes. Compre aumentar a participación e a representación das mulleres nos niveis máis alto de responsabilidade, xa actualmente o aumento do nivel formativo das mulleres non se corresponde coa súa presenza nos espazos de toma de decisión e este déficit de representación supón unha perda no talento das mulleres para o conxunto da sociedade. Compre superar os estereotipos e os roles de xénero para que a efectividade e a sexualidade se vivan de forma diversa libre e segura, e para que desaparezan os ataques sexuais e sexistas. O Concello de Barbadás asume a súa responsabilidade institucional no proceso de conquista da igualdade real para as súas veciñas e os seus veciños e



comprométese a seguir traballando en prol deste obxectivo, coa finalidade de mellorar as condicións de vida das mulleres presentes e futuras no noso Municipio .

1- ADXUDICACIÓN DA LICENZA MUNICIPAL DE TAXI Nº 1 A FAVOR DE RUBÉN RODRÍGUEZ GÓMEZ

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben. Moitas grazas. Pasamos ao primeiro punto da orde do día que a adxudicación da licenza municipal de taxis nº 1 a favor de Rubén Rodríguez Gómez. Ten a palabra o señor Tenente Alcalde.

O sr. Fírvida toma a palabra (BNG): Este punto refírese a unha venda dunha licenza municipal dun taxista que había de Barbadás, que lle vendeu a súa praza a outra persoa tamén residente no noso Concello, polo tanto, segue habendo 5 licenzas municipais no noso Concello. Está establecido que a próxima licenza municipal que se dea en Barbadás teña que ser un vehículo con 7 prazas e adaptado para transporte de persoas con diversidade funcional, de momento esta persoa puido ter a opción de modificar a súa praza de taxi para ter un vehículo con estas características, pero lamentablemente non optou por esta posibilidade e como o que facía era comprar a praza doutro taxista que tampouco tiña esa característica, queda pendente para a próxima licenza que demos, cando se solicite.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Algunha intervención, algunha cuestión. Votos a favor polo tanto.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: **“Adxudicación da licenza municipal de taxi nº 1 a favor de Rubén Rodríguez Gómez por compra da mesma ó titular anterior D. Jaime Blanco Delgado e autorización da utilización do vehículo : marca SKODA, modelo SUPERB, matrícula 8119 DNS para a prestación do servizo”**

2- DECLARACIÓN DE SERVIZOS PRIORITARIOS PARA UN ADMINISTRATIVO PARA O CET E UN AUXILIAR ADMINISTRATIVO DE TURISMO.

O sr. Alcalde toma a palabra: Segundo punto da orde do día e a declaración de servizos prioritarios para un administrativo para o CET e un auxiliar administrativo de turismo. Ten a palabra tamén o señor Tenente Alcalde.



O sr. Fírvida toma a palabra: Boas tardes a todas as Concelleiras, Concelleiros as señoras que están no público. A contratación destas dúas persoas, un administrativo, administrativa para o Centro empresarial transfronteirizo e un auxiliar administrativo para a Concellería de Turismo, cumpren coa normativa en materia de contratación de persoal laboral temporal, e coa necesidade de xustificar o cumprimento da lexislación estatal referida á prohibición de incorporar persoal polas administracións públicas establecidas no Real Decreto Lei 20/2011, de medidas urxentes en materia orzamentaria tributaria financeira, como figura na análise interpretación xurídica para a declaración de servizos prioritarios, para estes dous postos de traballo laborais temporais, administrativo, administrativa para o Centro empresarial transfronteirizo, un auxiliar administrativo para a Concellería de Turismo, polo tanto tamén temos autorización por parte da avogacía xeral do Estado, de feito se retrasou un pouco o informe que está colgado na plataforma porque necesitábamnos ter antes de este Pleno autorización da avogacía xeral do Estado para poder sacar estas prazas e posteriormente facer o concurso para a selección do persoal, que vai a ocupar estes postos pero xa temos autorización da avogacía xeral do Estado, e como tamén temos a dispoñibilidade de créditos xa que se fixo unha modificación, unha das prazas xa estaba dotada orzamentariamente no ano 2017 e a outra a de auxiliar de turismo non estaba dotada e houbo que facer unha modificación nunha conta para dotar o crédito necesario para esta praza. A xustificación destas dúas prazas están no informe que se pasou por comisión e por comisión informativa, así que teñen todos o membros deste Pleno e é que no Centro empresarial transfronteirizo só hai unha persoa contratada, e o volume de traballo do Centro dende que se abriu a nova oficina de promoción económica de Barbadás PROECO, así como todas as actividades que se desenvolven de promoción económica baseadas no asesoramento e acompañamento para facer realidades ideas de negocio, así como os tres niñeiros empresariais que xa se aprobou inicialmente a ordenanza que os regula e esperemos que sexan pronto unha realidade, implica unha carga de traballo, que supón que teñamos que contratar outra persoa, xa no ano 2016 houbo unha persoa, unha administrativa neste caso, traballando practicamente nove meses do ano pasado, ademais alí tamén se desenvolven actividades relacionadas coa Concellería de Comercio, organización de campañas, concursos e cursos para comerciar esta contorna ademais de actividades para emprendedores, empresas, e actividades formativas para desempregados e desempregadas, sobre todo para desempregados e desempregadas. A praza de auxiliar administrativo da Concellería de turismo está baseada sobre todo nos programas que se están desenvolvendo desde a Concellería de turismo, para pór en valor todo o que se supón o patrimonio natural, cultura, etnográfico, e patrimonial do Concello de Barbadás, queremos seguir



traballando nese campo, facendo unha aposta por todos os valores en positivo que ten o noso Concello, e así como a apertura do Centro, o Museo da gaita de fole de Barbadás para o que vamos a necesitar unha persoa que sirva de acompañamento ás visitas a ese museo, esa é a xustificación desta segunda praza.

O sr. Alcalde toma a palabra: Quenda de intervencións, ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Boas tardes. Ben, con relación ao administrativo do CET non temos ningún problema, porque xa o aprobamos o ano pasado, esa praza é necesaria, non así no tema do auxiliar de turismo, votaremos en contra, se houberan separado votaríamos a favor do administrativo do CET e en contra do auxiliar de turismo. En primeiro lugar porque non se nos informou cando foron os orzamentos, de que se necesitaban unha persoa para turismo e logo tamén temos que dicir que a nosa aposta polo turismo non concorda coa que leva a cabo o goberno, desgraciadamente non cremos no investimento do Museo da gaita, como xa o expuxemos varias veces e digo desgraciadamente, que oxalá fose un éxito, pero pensamos que oxalá nos equivoquemos tamén de que non vai a ser un éxito, cremos que se se quere contar con algunha persoa para realizar estas actividades que pretende realizar con esa auxiliar de turismo, cremos que hai persoal no Concello suficiente, entón é responsabilidade de vostedes buscar ese persoal no Concello e optimizar os recursos cos que conta o Concello. Dicir tamén, que no tema de turismo vostedes trouxeron hai un ano un convenio coa Universidade de Vigo, que nós votamos a favor dese convenio e vostedes comprometéronse a informarnos cando se deran pasos e cando a Universidade de Vigo emitira informes con respecto ás potencialidades do Concello sobre o tema do turismo e o desenvolvemento doutras actividades, a día de hoxe non hai ningún tipo de información e agora mesmo pois véñenos, preséntanos aquí enriba da mesa a contratación dunha auxiliar de turismo, xa digo sen ter ningún tipo de informe, nin de información sobre a mesa polo que, temos que votar en contra xa que ven non queríamos votar en contra neste artigo do CET pero como ven xunto, veñen as dúas contratacións no mesmo punto pois votaremos en contra. Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a señora Fina Varelas.

A sra. Varelas toma a palabra (D. O.): Boas tardes a todos. Como dí un pouco o Ramón, estaría ben que viñera por separado o administrativo do Cet e auxiliar administrativo de turismo, máis que nada porque o primeiro si estou de acordo e o segundo pois non o entendo, porque non entendo. Exactamente que función lle queredes dar a este auxiliar administrativo, porque a turismo penso que máis que un auxiliar administrativo, teríamos que ter un técnico en información turística, ou sexa,



realmente para cada cousa ten que haber unha persoa especializada, non un auxiliar administrativo, non sei se un auxiliar administrativo estará preparado para dar, para ser técnico de turismo, ou sexa, que realmente non entendo o auxiliar, entón quero que me expliqueades un pouco que función lle queredes dar a esta persoa porque eu segundo oín o outro día ía ser unha persoa contratada por vinte horas semanais ¿non?, e cousas que non pareceume moitas para tan poucas horas, entón son máis partidaria de ter as persoas nos traballos que lle competen, non unha persoa que valga para todo, para min unha persoa que valga para todo ao mellor non vale para nada, entón quero que me expliqueades un pouco isto porque senón isto así non vou votar a favor dúas cousas nunha. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. ¿Rematou?. Grazas. Ten a palabra o voceira ou voceira do Partido Popular.

O sr. Fernández toma a palabra (PP): Boas tardes a todos e a todas. Nós non é que vaíamos a votar a favor dunha e en contra doutra, vamos a votar en contra das dúas e agora paso a explicar o por qué. Sorpréndenos cando menos, que hoxe se traian pois esta declaración de servizos prioritarios ao Pleno, cando levamos polo menos catro ou cinco contratacións anteriores que non pasaron polo Pleno, estamos a falar de peóns de servizos múltiples, unha ocupación que na táboa nacional de ocupación non existe como tal, ou hai peóns de obras, ou hai peóns de xardinería, peón de servizos múltiples, chico para todo, educador familiar, operario de maquinaria agrícola desbrozadora, cociñeiro da gardería, auxiliares do SAF, isto non pasou como declaración de servizos prioritarios, gustaríanos unha aclaración nese sentido non sei se, vale, continúo pois. Vamos a ver se cadra o que buscan ao mellor a complicidade dos grupos que estamos na oposición, dende logo nin parcial nin total a do Partido Popular non a van ter, vamos a ver, administrativo e falan aquí na xustificación que estaba a praza de administrativo orzamentada, non a vexo, si existía unha praza de ADL, unha praza de axente de desenvolvemento local orzamentada, que como vostedes saben non se pode contratar así a lixeira senón que leva unhas condicións específicas por estudo de territorio e demais, e incluso compartida con outros concellos. Fálase incluso xa tocando o tema do auxiliar administrativo para desenvolvemento turístico, nós tamén coincidimos un pouco co que di a compañeira a señora Varelas encaixaría bastante mellor, ou un guía turística nunha tempada concreta e ademais falan vostedes de que sería un contrato a tempo parcial, é dicir, estamos fomentando a parcialidade na contratación ETT parcialidades, seguimos co mesmo de sempre. No tocante ao administrativo que estivo no ano 2016, pois aquí falase tamén na xustificación, de que incluso prestaba apoio a ADERCOU e o Plan de inclusión, iso é mentira, nunca prestou apoio administrativo facía servizos para o Concello e para uns



casos moi concretos, pero nunca para ADERCOU, nin para o Plan de inclusión, iso gustaríame que quedase ben claro. Por outra banda, vamos a ver, estamos tirando de contratacións e despois estamos desbotando propostas que inciden no benestar social dos cidadáns xustificando que non hai persoal en determinadas áreas concretas, e áreas básicas como é Secretaría, Urbanismo, Intervención, propostas que se están tiran abaixo xustificando a falta de persoal e as sobre cargas, sabemos que hai áreas, pilares básicos deste Concello, que teñen persoal sobrecargado e incluso de baixa médica, parécenos unha burla a todos estes traballadores desta casa, contratar nuns servizos non básicos, e que non están prestando un servizo que inciden directamente na cidadanía. A fantasía do Museo da gaita, son bastante reticente pásame como o señor Padrón verémolo, oxalá me equivoque, de verdade, pero non o vexo, PROECO un día lle traerei aquí os números en canto a inserción laboral, emprego, creación de novas empresas, fala vostede da formación queda moi en entredito a formación que se está levando a cabo actualmente no CET, como vostede o sabe seguramente mellor que a min, queda sen recoñecer a capacidade docente de todas esas certificacións que se están facendo a todos os alumnos que van alí, o cal lle supón que moitas veces en moitos tribunais non llos están valorando pola falta da capacidade docente, entón nós dende logo nin o auxiliar, nin o administrativo, vamos a votar en contra. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Tenente Alcalde.

O sr. Fírvida toma a palabra: Pois nada, moi rápido. Para empezar con todas as cousas que se faláron, a ver, isto son proxecto deste Grupo de Goberno claro, eu entendo que haxa persoas que non concorden coas nosas propostas, por exemplo co Museo da gaita, polo visto vostedes xa saben que vai ser un fracaso antes de que se abra, ao mellor prefiren vostedes que fagamos como fixo o Partido Popular, ter un edificio que constou máis do 800.000 € con fondos europeos metidos nun edificio público, un edificio que tiña que ser para ser un conteneinte, un referente cultural do Concello de Barbadás e está pechado dende hai 12 anos, descascarillándose, apodrecendo, cheo de humidades, e totalmente abandonado, tal foi así que tiveron que regalarllo á Deputación Provincial de Ourense para facer algo con el, a Deputación tamén se manifestou integramente incapaz de pór en valor ese edificio e tivo que chegar un novo goberno para que ese edificio por fin serva para algo cultural, serva entre outras cousas para que Barbadás sexa un referente cultural dentro da nosa provincia, eu creo que tiña que ser unha cousa de orgullo de todo o mundo que vivimos neste Concello, ter un museo en Barbadás, ter un museo nun Concello é unha riqueza non ten que dar medo, nin temos que estar aquí pensando que vamos a abrir un museo, pois señor, os concellos ricos culturalmente son os concellos



que teñen museos. Non estaba orzamentado por iso é necesario que traíamos isto aquí, dicía vostede señor Manuel que as prazas, por que non se trouxeron outras prazas, o motivo é que non había necesidade de traelas a Pleno polo feito de que estaban prorrogados os orzamentos e estas prazas xa foron creadas o ano pasado e a necesidade de xustificar a contratación é para novas prazas que non estean orzamentadas, e iso é o que se nos dixo dende Secretaría e por iso facemos a xustificación do posto de traballo no museo, perdón na Concellería de turismo. Convenio coa Universidade, o convenio coa Universidade cando se faga público cando teñamos algo que contarles é o compromiso desta Concellería e meu persoal informallos por completo dese convenio do traballo que se fixo desde a Universidade de Vigo, pero a Universidade de Vigo non fixo ningún traballo para turismo de Barbadás, ningún, o traballo que fixo a Universidade de Vigo foi un plano un oportunidades económicas e desenvolvemento económico para o Concello de Barbadás, non ten nada que ver co que hoxe estamos falando aquí, sen información, o museo que o saiba xa pasou por aquí cando falamos del nos orzamentos, e como mínimo en outras dúas ocasións teñen vostedes información eu non sei que máis queren máis información queren vostedes, estamos traendo unha praza para unha persoa para que poida atender as visitas, din que é o mellor a praza o posto de traballo tería que ser un técnico en turismo, eu concordo, seguramente teríamos que ter que convocar unha praza dun técnico de turismo, pero entón tería unha praza do grupo A, ¿canto costa unha praza do grupo A?, ¿que funcións de técnico de turismo vai a desenvolver?, nós estivemos estudando iso, primeiro o custe para o Concello ía ser moi grande, segundo non necesitamos un técnico en turismo porque o que necesitamos agora é, temos un plan de turismo elaborado e o que queremos é darlle continuidade a ese plan non facelo de novo, polo tanto a nova persoa tería que facer, adecuación de roteiros, homologación de roteiros coa Federación Galega de montañismo para que sexan homologables para podelos ter colgados dunhas páxinas web a nivel internacional, e o traballo ese se pode desenvolver perfectamente dende un auxiliar administrativo, porque sería ter o museo aberto para que as persoas poidan velo, o museo vai ter audioguías, co cal vai ser visitado digamos de forma autónoma, non necesita un guía de turismos para facer iso, facer roteiros polos pobos, facer visitas, pór en valor o patrimonio que ten o Concello non necesitamos un técnico superior, e moi rápido, só para rematar a min o que me chama estremadamente a atención e a postura do Partido Popular, vostedes tiveron 28 anos para elaborar proxectos para pór en valor este Concello, temos a igrexa de Loiro que é do século XXII absolutamente agochada, esquecida, aniquilada e nunca fixeron nada por este Concello, Barbadás era coñecido pola corrupción urbanística, agora que empeza a ser coñecido polos seus valores



patrimoniais, culturais é o que a vostedes lles molestan, déixenos que traballemos por favor porque senón contratamos este técnico en turismo, non podemos traballar.

O sr. Alcalde toma a palabra: Témonos que cinguir aos tempos todos, por favor. Grazas. Ramón.

O sr. Padrón toma a palabra: Van a telo do mesmo xeito, porque a maioría está aquí presente vai a votar a favor. Pensamos que a praza non é prioritario sigo pensando o mesmo e nós temos dereito a pensar o que para nós sería o turismo de Barbadás, que non coincide polo que aposta este goberno. O museo da música que agora é museo da gaita e o noso gaias particular de Barbadás, iso xa non fai falta que nolo recorde porque xa o sabemos todos, foi o despropósito máis grande que fixo o investimento peor que fixo este Concello, díxoo vostede antes, non, non, digo que é o noso gaias particular porque construimos un edificio cunha inversión de 600.000 € que valeu, 600.000 poñía o letreiro, agora no que quedou iso xa non sei canto saldría ao final pero o letreiro poñía 600.000 €, e a parte diso ao acabar de facelo chovía dentro, non sei se arranxaron xa as goteiras que había, ogallás, aínda non o acabaron pero xa se vía na cantidade de cartos que ía e xa lle andan cambiando as lousas do tellado que por certo as trouxeron de Brasil. Pois por iso digo que é o noso gaias particular, ben agora claro temos o edificio aí non vamos tirar con el, en Santiago tampouco van tirar con el. Nós non pensamos que teña que ser museo, pensamos que sí pode ter tamén a función de museo pero tamén pode ser utilizado, debería ser utilizado pola escola de música, porque se vostedes saben a escola de música está nuns baixos dun colexio, malamente, entón pois ese edificio para nós este edificio que ten o handicap que está en Barbadás, se estivera en A Valenzá, se polo menos o houbesen feito en A Valenzá, pois mire aínda tería outra utilidade moito mellor, pero aínda encima está en Barbadás, entón claro se a usamos para a escola de música teñen que subir os pais Barbadás, entón tería máis utilidade, agora só como museo, xa digo, ogallá nos equivoquemos. Xa digo para nós non é unha praza prioritaria, volvo a insistir que optimicen os recursos cos que conta o Concello para iso están no Goberno. O da Universidade ata o día de hoxe non temos ningunha información pagáronse facturas xa á Universidade, e nós que estamos na oposición e vostede comprometeuse a darnos información sobre os traballos que está realizando a Universidade para o noso Concello, xa digo, xa pagáronse facturas, por tanto algúns traballos terán feitos.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, e ademais grazas por cingirse ao tempo. Señora Fina Varelas.

A sra. Varelas toma a palabra: Nada, eu nada, dicir o que dixen antes e tamén dicirlle ao señor Ramón Padrón que non todo vai a estar en A Valenzá, tamén nos pobos, tamén os pobos teñen dereito



a ter algo, e se a xente se ten que desprazar en coche, desprazarase en coche como se despraza para outras cousas. Eu sempre son optimista non pesimista que vai saír mal non o sabemos pódemos sorprenden que as cousas vaian ben entón xa que polo menos queren facer algo e temos ese edificio que polo menos vai valer para algo ou inténtase, que sexa algo bo, porque telo cerrado e telo así, máis fracaso que iso non o hai, entón pois mira que o abran e que sexa museo pois estou de acordo antes de telo cerrado estou de acordo con calquera cousa que se faga, sempre que sexa bo. O que si volvo a repetir o que dixen antes que o auxiliar é certo que un auxiliar cobra menos que un funcionario do grupo A, pero eu penso que cada persoa ten que ter unha labor, e penso sigo dicindo o de antes, entón non vou a votar a favor, tampouco vou votar en contra, porque claro como dixen o administrativo para o CET si estou de acordo, entón o meu voto vai ser abstención. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Grazas. Señor Manuel, ten o uso da palabra.

O sr. Fernández toma a palabra: Grazas señor Alcalde, voume cinguir o tempo, vou a ser o máis breve posible. Vamos a ver, chorámoslos por un lado e tirámoslos polo outro, un técnico dicimos que pode supor máis custo, estamos facendo contratacións a destro e sinistro, cunhas dietas tanto de asistencias como de locomoción impresionantes, son miles de euros, eu invito a todos a que fagan a suma disto, e despois estamos contratando incluso diso temos constancia, estamos contratando a persoal que non vive no municipio, estamos contratando a persoal de fóra, e incluso en moitos casos, cun posto de traballo xa, é dicir, estando traballando xa nese momento, nalgúns casos incluso solápanse servizos, entón vamos a estar detrás de todo isto. Museo da música, levamos xa un gasto de preto do 40.000 € e seguimos sumando, suma e segue, veremos dentro dun tempo onde nos vai levar isto, a igrexa de Loiro vamos a ver, está moi ben sacarlle a foto á igrexa pero despois no fotoshop dos seu folletos sacámoslle os cables por diante da fachada, claro iso é polo que hai que loitar, tratar xa, os cables están alí, os cables están alí, o taboleiro branco que está na fachada está alí, iso é loitar polo patrimonio e para que veñan os turistas, a ver os cables diante da fachada máis antiga deste Concello. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Prosiga por favor, ¿rematou?. Moitas grazas. Dous pequenos comentarios, os enfoques en relación a implementación de políticas de turismo evidentemente poden ser diversos, o que si é certo é que se está levando a cabo unha política de turismo e desde logo que é imprescindible é darlle contido ao museo da música, falaba o señor Manuel de fantasía, fantasía dende logo foi construílo e deixalo baleiro, iso si que é a máis grande fantasía, concordo co señor Ramón cando di o gaias de Barbadás, é certo durante 10 anos, durante 10 anos foi un gaias, durante 10 anos



foi un gaias non que non había practicamente contido ningún agora estase dando, estase vendo a posibilidade convertendo en realidade unha, de darlle un uso, démoslle unha oportunidade. Nada máis. Votos a favor da creación ou da contratación do administrativo para o CET, abstencións, votos en contra. Votos a favor da contratación dun auxiliar administrativo ou administrativa para o posto de turismo, auxiliar de turismo, abstencións, en contra. Moitas grazas.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor de PSdeG-PSOE, BNG, Democracia Ourensana e Grupo mixto e os votos en contra do PP o seguinte acordo: **“Declaración de servizos prioritarios para un administrativo para o CET”**

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor de PSdeG-PSOE e BNG, a abstención de Democracia Ourensana e os votos en contra do PP e Grupo Mixto o seguinte acordo: **“Declaración de servizos prioritarios dun auxiliar administrativo de turismo”**.

3- ADHESIÓN DE CONVENIO COA FEGAMP

O sr. Alcalde toma a palabra: O seguinte punto da orde do día, é a adhesión ao convenio coa FEGAM ten a palabra o señor Serafín Núñez.

O sr. Núñez ten a palabra (BNG): Boas tardes a todos e a todas. Ben, este é un convenio tipo que evidentemente pois puidestes ver xa na Comisión, explicouse na comisión informativa é un convenio tipo que é a FEGAMP, en colaboración coas empresas subministradoras de enerxía, para evitar que a xente que pode estar en situación de vulnerabilidade e que podan evidentemente e que podan perder o subministro de gas ou de electricidade e efectivamente pois ter problemas como houbo xa tristemente neste estado, concretamente en Barcelona recentemente, entón dicir que é un convenio que recibimos agora en xaneiro e que efectivamente pois traemos hoxe a Pleno para falar evidentemente sobre el, se queredes comentar algunha cuestión en particular e refírese fundamentalmente pois vai haber un prazo de dous meses desde que os servizos sociais do Concello reciban comunicación deses posibles usuarios de enerxía, gas ou electricidade e que estean por situación de impago e que podan efectivamente, ser cortados este subministro, para que neste prazo de dous meses pódanse efectivizar esas facturas impagadas e ou ben restablecer o corte no caso de que se efectivizara ou que as empresas subministradoras que están neste convenio manteñan eses dous meses de prazo para efectivamente previos os informes técnicos dos servizos sociais podan efectivizar eses pagos desas facturas e evitar estes cortes e manter, resolver esta cuestión. Dicir que nós desde este Concellería temos, manexamos,



que tivemos distintas reunións con representantes de gas natural, fenosa, endesa, etc, onde manexamos determinados correos electrónicos que manexan os técnicos do servizo, que efectivamente posúe o mesmo correo, estiveren vendo que o mesmo correo vulnerables@gasnaturalfenosa.com, onde o nosos técnicos teñen xa unha premisa que tamén teñen un corte de subministro, que se poderá paralizar por un prazo de tres meses, evidentemente aquí o convenio establece dous, a nós se nos comunicara de tres meses e que efectivamente pois para dar estes posibles pasos de efectivizar estas facturas impagadas, evidentemente agora no convenio establecen dous meses pero entendo que son moitas máis as empresas que van a participar, Viesgo, Iberdrola, Endesa e Gas natural-Fenosa que polo tanto efectivamente temos, que nos van a dar unhas garantías moito maiores porque non, é dicir, queda unha cobertura moito maior.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Só temos que dicir que alegrámonos de que se firme este convenio dunha vez por todas. Dicir que nós presentamos unha moción o 3 de abril de 2016 que foi aprobada aquí na que seu acordo era, “instar ao grupo de goberno coas empresas subministradoras de luz e gas para asinar un convenio de colaboración para que no Concello non se lle corte a luz nin gas ás familias máis necesitadas sendo o Concello quen se faga cargo destas facturas”, isto é literalmente é no que se basea o convenio que firma agora a FEGAMP cos concellos e que nos vamos a adherir a e, en definitiva é para que as persoas que deixan de pagar unha factura de luz ou gas, no momento que están tramitando co Concello a imposibilidade de pagar esta factura e de recibir unha axuda por parte do Concello, que non se lle corte o subministro por parte da empresa subministradora e o Concello pague directamente á empresa esas facturas. Lamentablemente dende o Concello durante todo este tempo desde o 3 de abril de 2016 que nós trouxemos esta moción, que xa se estaba aplicando nalgún concello galego e non recibimos ningunha noticia de que houbera firmado algún convenio ou neste Concello fora unha realidade isto antes de que a FEGAMP firmase este convenio coas empresas subministradoras.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a señora Fina Varelas.

A sra. Varelas toma a palabra (D. O.): Bueno, pois nós estamos de acordo con este convenio, porque todas axudas ás persoas necesitadas son poucas e é unha tristeza o que se está vendo nos informativos casos como o de Barcelona, casos que a xente pois que arde nas casas, quédome case sen palabras porque as axudas sempre son poucas o que si quería preguntar é na partida orzamentaria non hai diñeiro destinado para isto, creo que non se, que non houbo diñeiro para isto e quería saber de



onde se vai a sacar o diñeiro, e se se sabe máis ou menos cantas persoas van a solicitar isto, porque claro non é o mesmo axudar a dúas ou tres familias ou catro ou cinco, ou ter cen persoas, ou sexa que realmente cando se firma algo para axudar á xente e para que sexa efectiva non firmar por firmar, entón gustaríame saber de onde vamos a sacar o diñeiro os recursos para pagar, máis ou menos se tedes unha cifra máis ou menos de canta xente está nesta situación de podelos axudar. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moita grazas. O voceiro ou voceira do Partido Popular.

A sra. Vispo toma a palabra (PP): Boas tardes a todos e a todas ao público asistente. Improvisación señor Núñez, improvisación como todo o que pasa neste Concello. Vamos a ver, véndenos vostede agora mesmo o convenio coa FEGAM, por suposto que o Partido Popular vai votar a favor porque é algo que realmente está demandando a cidadanía, e que realmente xa se trouxo vai facer case un ano, tróuxoo un compañeiro da oposición que é o señor Padrón. Levan dous anos gobernando, agora nos di que xa teñen conversas coas empresas, como ben dixo el nós non temos coñecemento desas conversas, tres meses teno por escrito o que vostede dicía antes a ver, o convenio pon dous meses que o que firmaron vostedes, hai algo firmado e si me gustaría que se o hai que mañá ou nesta semana nolo fixeran chegar, porque entendo que sempre é improvisación si, si, mantivemos conversas con estas empresas para que nos aumenten un mes máis do que firmaron coa FEGAMP para vostedes quedar ben, miren, estamos fartos neste Concello, fartos do que estamos vendo e do que está pasando, isto é un convenio que realmente está perfecto coa FEGAMP, e que é necesario para a cidadanía e para que non haxa eses cortes de gas e de luz e para que a xente poida seguir vivindo, perfecto, pero non nolo vendan vostedes por favor, isto xa é un vergonza, é unha vergonza e que veñan coa improvisación, na segunda intervención seguirei dicíndolle máis. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Señor Sarín Núñez.

O sr. Núñez toma a palabra (BNG): Imos ver. Como comenta aquí o compañeiro Ramón Padrón, eles trouxeron unha moción nesa liña en abril de 2016. Eles poden dicir evidentemente o que queiran. Nós estábamos traballando nesta liña. Eu lle estou dicindo que os técnicos dos nosos servizos manexan uns correos electrónicos, e unha información moi clara e concisa, para día de hoxe sen estar adheridos a ningún convenio para resolver estas cuestións de tipo de cortes de subministro eléctrico ou de gas. O teñen, os nosos técnicos. Vostedes non. Non sei si efectivamente, vostedes teñen que manexar este tipo de información, ao mellor si, pero quen realmente a teñen que manexar son os técnicos os que teñen a capacidade de resolver neste momento este tipo de cuestión. Eles son os que realmente saben. E nós, estábamos traballando nesta liña de concretar outro tipo de convenios, tanto



con Endesa, como con outras empresas subministradoras de enerxía, de auga, etc, etc, e para, porque efectivamente este tipo de cuestións se pode ampliar a outros subministros, e que é algo que paralizamos nesta data, no mes de xaneiro, cando entrou este convenio da FEGAMP. Nós evidentemente estábamos traballando neste tipo de cuestións. E bueno, nos comenta a portavoz de Democracia, se cantas familias están agardando, neste momento non podería dicirlle unha cifra de familias, terán que ter evidentemente uns informes técnicos, dos nosos técnicos, valga a redundancia, onde estuden os casos e podan solventar esta problemática. É dicir, evidentemente, nós temos a facultade das asistentas sociais, que teñen unha partida que está nos 20.000 euros para o ano, e que podemos pensar que puidera dar cobertura a esta cuestión, pero isto é o que nos hoxe temos enriba da mesa. Aínda que o Partido Popular tiña unha partida moito máis (non se oe). ¿De acordo? E isto é o que teño que dicir.

O sr. Alcalde toma a palabra: Grazas. ¿Señor Ramón Padrón?

O sr. Ramón Padrón toma a palabra (CxB): Nada, lembrar que, para non entrar en debates, porque non interesa, o que interesa que o convenio saia adiante. Nós alegrámonos porque é unha moción que nós presentamos, xa digo fai case un ano, pois queda simplemente un papel, pois agora ven iste convenio tan grande, todo o que se escriba aquí é exactamente o acordo ao que chegamos aquel día os grupos que estábamos aquí no Concello. Aínda que daquelas había xente que mostraba a súa incredulidade de que iso puidera ser así. Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Grazas, ¿A sra. Fina Varelas? Fina, encende o micro por favor.

A sra. Fina Varelas toma a palabra: Non teño máis que dicir que o que dixen antes. Vamos aprobar isto porque tódalas axudas son poucas e que nada, que estamos de acordo.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a señora voceira do Partido Popular.

A sra. Vispo toma a palabra: Como ben xa dixen antes, na primeira intervención o Partido Popular está de acordo con asinar este convenio, sería o contrario iríamos en contra da supervivenza dalgunhas persoas que o están pasando francamente mal. O que si casualidades da vida e digo improvisación, señor Núñez, ata o subconsciente lle falla, porque dí que cando entrou iste convenio, pararon tódalas conversacións coas empresas. Acábao de dicir vostede. Vamos ver, si tiñan as conversacións e vostede dime que son tres meses, o puntualizaremos e nolo poderá pasar vostede. Queremos velo, queremos ver se esa improvisación teño que retirala no seguinte pleno. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Hai que recoñecer que é certo que o señor Ramón Padrón presentou esa moción hai nove meses e o que dixou o señor Sarín tamén é certo, que se



estivemos, tanto el máis eu, falando e solucionando este tema, e cando xurdiu a posibilidade de subscribir o convenio coa FEGAMP paralizouse á espera dese convenio. É moi importante recordarlle aos membros da corporación, unha cuestión fundamental. Cando este goberno chegou ao Concello atopámonos que na partida de emerxencia social o Partido Popular no orzamento do 2015 tiña destinados 9.000 euros, e no mes de agosto do ano 2015, houbo que facer unha modificación de crédito moi importante, para poder cubrir a emerxencia social neste concello porque non había partida suficiente para cubrir tódalas necesidades que tiñan os veciños e veciñas deste concello en relación a emerxencia social. Dicur tamén que a partida que está arbitrada e contemplada para o ano 2017, debe ser suficiente, para aclararlllo a señora Fina, debe ser suficiente para cubrir as necesidades deste concello, de emerxencia social deste concello. Porque cando un veciño ou veciña deste concello, solicitaba unha axuda para algún tipo de necesidade desta índole xa se contemplaba e xa se lle socorría ou auxiliaba ou axudaba, que é o correcto para solventar esta situación con esa partida. Grazas. ¿Votos a favor do convenio?

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:
“Adhesión do convenio coa FEGAMP”

4.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO

O sr. Alcalde toma a palabra: Carto punto da orde do día, recoñecemento de extraxudicial de crédito. Ten a palabra o señor Tenente Alcalde.

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Nos vemos na necesidade de facer, de proceder ao recoñecemento extraxudicial de crédito ao non ser incluídas no orzamento do exercicio económico que lle correspondía, que era o ano 2016, unha serie de facturas de traballos realizados ao longo dese ano pero que se nos pasaron as facturas ao longo do ano 2017. Como o ano 2016 xa quedou liquidado, é necesario e ademais obriga a lei, como hai unha sentenza e xurisprudenza do Tribunal Supremo que declara que son de obrigado cumprimento, os compromisos adquiridos polas administracións públicas. Entón, existen unhas obrigas que non foron recoñecidas no exercicio que correspondían, o ano 2016, sendo a única solución posible, tramitar un recoñecemento extraxudicial de créditos, en base aos artigos que se citan no informe de intervención, polo tanto se procede a recoñecer estas facturas. É moi rápido, se non abrimos o museo corremos o risco de devolver os 800.000 euros á Unión Europea



máis multas, porque a Fundación Olaf, obriga e fai un seguimento dos fondos europeos, en qué se gastan e se non son xustificados, teríamos que devolver 1.000.000 de euros do Concello de Barbadás. Nos estamos xugando 1.000.000 de euros do Concello de Barbadás.

O sr. Alcalde toma a palabra: Quedou claro. Cingámonos ao punto da orde do día. Señor Ramón.

O sr. Ramón Padrón toma a palabra: Eu, moi rápido tamén. Eu non dixen que houbera que cerralo, dixen que habería que abrillo, se escoita vostede cando falan os demais, e perdone que llo diga, eu dixen que o museo que si que nos gustaría que fora museo pero que tamén fose.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ramón, cingábase ao punto, igual que llo dixen a el, ao señor Tenente Alcalde. Se queren facer aclaracións, fáganas ao remate do pleno, na quenda de rogos e preguntas.

O sr. Padrón toma a palabra: Ben, eu creo que me entendeu antes cando falei. Nada o das facturas simplemente pois nada, que explique o señor Tenente Alcalde, que explique estas facturas e a que se deben, para que quede claro na acta e nada máis.

O señor Alcalde toma a palabra: Fina, por favor.

A sra. Varelas toma a palabra: O outro día na comisión informativa xa nos explicaron o tema destas facturas, e bueno, ao parecer é que pasa case tódolos anos, que pasa, que tal, e nada pois dicir que bueno, que as persoas que traballan obviamente teñen que cobrar e hai que pagarlles. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

A sra. Vispo toma a palabra: Como ben dixen na comisión informativa do venres, estou de acordo no tema dos gastos da traballadora social, de María Aurea Pacho Blanco, pero non estou de acordo coa outra factura. O que si me gustaría saber, vamos ver, xa nos explicou o señor Tenente Alcalde o outro día na comisión a que se debía esta factura, o que si entendo que aínda este servizo non está terminado, por iso creo que aínda esta factura, polo que teño entendido, por iso quero sabelo a ciencia certa, por que o Partido Popular absterase para non ir en contra da legalidade. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. O señor Tenente Alcalde ten tres minutos.

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Si, unha das facturas é pago de dietas, desprazamento das traballadoras que están no servizo de axuda no fogar, que se teñen que desprazar ás casas, ás vivendas das persoas que atenden, que axudan, e se lles paga unha dieta por desprazamento como marca a lexislación, 19 céntimos por quilómetro percorrido. A outra das facturas, corresponde aos servizos de tecnoloxía de Xestiona e é o programa de administración electrónica que se instalou no concello de Barbadás, así como o período de formación de traballadores e traballadoras do Concello de Barbadás. Isto está totalmente rematado e o programa está pechado, polo tanto xa podemos, si, si, está rematado



e pechado. A formación está rematada, o programa está en funcionamento e está todo pechado. Agora o que vamos facer é un contrato de mellora continuada que vai dar formación continuada aos traballadores nos novos programas, no novo software que vaia saíndo, que vaia publicando a empresa, igual, unha oficina de asesoramento tódalas vinte e catro horas do día, durante tódolos días laborais do ano por se teñen dúbidas ou hai algún problema coa aplicación informática, para que lle resolvan esas dúbidas, así como dúas actividades que lles pedimos nós por favor, que nos viñeran a facer a Barbadás, unha aos membros desta corporación, que están na oposición e que non recibiron aínda esa información, e outra ao público en xeral do Concello de Barbadás para que teñan coñecemento de cómo se teñen que comunicar, xa agora e no futuro co Concello a través da administración electrónica. Pero o programa está rematado, por iso pagamos senón non pagaríamos.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. ¿Señor Ramón?

O sr. Padrón toma a palabra: Co de público en xeral, quero entender que se refire vostede aos representantes das asociacións veciñais, culturais e tódolos representantes, porque son os que van ter que facer o papeleo para

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Para todo o público, é unha reunión aberta.

O sr. Padrón toma a palabra : Vale, de acordo.

O sr. Alcalde toma a palabra: Grazas. Nada. ¿Señora Chelo?

A sra. Vispo toma a palabra: Por iso quería que o explicara vostede mesmo, porque recordo nun anterior pleno, cando saíamos, que vostede mesmo se dirixíu, bueno, non sei se a parte da oposición tamén, senón a nós en concreto, dicindo que íamos a ter información, nos ían a dar unhas horas para que puideramos, porque dese conta que nós, tódolos plenos e tódala información vai a estar colgada a través da plataforma, ¿vale? Entón, se nos comunicou iso. Entendo que ningún grupo da oposición neste momento, estamos todos aquí, podémolo verificar, non tivemos esa información. É dicir, vostedes din que van a facer un contrato novo para o mantemento, para melloras, a ver, estou de acordo e perfectamente, porque isto ten que ter unha continuidade como tódolos programas e software novo que se instalan neste Concello, agora en ningún momento, nós somos parte desta corporación, tivemos a información, o sexa, non temos acceso á plataforma, non sabemos nin como funciona, e isto si estaba dentro desta factura, e o podemos, vamos ver, iso comunicóusenos no seu momento, entón non está pechada. Nós, non vou entrar nin si, nin non. Vostede vai dicir que si, e eu vou dicir que non. Entón, ante a información que temos, nós, o Partido Popular ímonos abster, porque entendemos que pode ser ir en contra da lei. Isto non está terminado, este servizo, porque nós non temos información



sobre a plataforma. Nada máis. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas.

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra Eu si queres o explico. Si me permitides explicalo. O que asinamos coa empresa foron unhas horas de formación.

O sr. Alcalde toma a palabra É por permitir esa explicación.

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: O que firmamos coa empresa foron unhas horas de formación. ¿Qué sucedeu? Que as traballadoras do Concello dalgún servizo, porque hai moitos, necesitaron máis horas de formación e a empresa esgotou tódalas horas de formación formando ás traballadoras da empresa. O tempo que se tiña previsto para impartir noutros sitios, houbo que concentralo nesta casa facendo horas de reforzo, en padrón, en varios dos servizos que se deron varias veces, viñeron moitas veces despois, incluso viñeron algún día case de favor, e quedámonos sen horas de formación, por iso agora temos que facer este contrato de mellora e seguimento, que é cando seguirá a formación dos grupos da oposición. Porque non quedaron horas dispoñibles desas que tiñamos da formación dos traballadores. Esgotáronse as horas de formación. Era un contrato de horas, se acabaron.

O sr. Alcalde toma a palabra: Si queren algunha aclaración máis eu creo que é o momento tamén, a non ser que queiran preguntalo tamén despois. Polo tanto, procedemos a votar. Votos a favor? Abstencións?

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor do PsdG-PSOE, do BNG, de Democracia Ourensana e do Grupo Mixto e cas abstencións do Partido Popular o seguinte acordo: **“Recoñecemento extraxudicial de crédito”**

5.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ASOCIACIONES E ENTIDADES CULTURALS SEN ANIMO DE LUCRO QUE DESENVOLVAN ACCIONS NO EIDO DA CULTURA.

O sr. Alcalde toma a palabra: Aprobación inicial da modificación da ordenanza reguladora para a concesión de subvencións a asociacións e entidades culturais sen ánimo de lucro que desenvolvan accións no eido da cultura. Ten a palabra a señora Ánxela.

A sra. González toma a palabra (BNG): Presentamos neste pleno as subvencións para as asociacións culturais que estean inscritas no rexistro do Concello de Barbadás, mediante réxime



ordinario de concorrencia competitiva igual que no ano anterior, e fundamentalmente sinalar o feito de que a fundamental modificación que se presenta, é a agrupación das dúas subvencións que se concederon ao longo do ano pasado, nunha única ordenanza, coa finalidade fundamental de axilizar as axudas, de facilitar ás propias asociacións e de axilizar incluso o traballo administrativo no tema do que son as subvencións ás asociacións culturais. Ao longo da convocatoria ademais recóllense prazos, baremos, documentación que deben presentar, e aclarar en todo caso que aquelas asociacións que xa teñan presentadas o CIF da asociación, o acta fundacional, porque os entregaron o ano pasado no concello, pois non teñen que volver a entregala...Incidir tamén no feito, polo que me trasladaron a min as distintas asociacións culturais do Concello de Barbadás, tanto a subvención en base ás actividades que realizan ao longo do ano, como a subvención en base á adquisición de material, son as que máis, das que máis beneficio sacan e están completamente conformes, por iso se mantiveron esas dúas liñas nesta única convocatoria. Unicamente engadir, algo do que xa estamos falando aquí desde hai un ratiño, é o tema de que a partir deste ano, se teñen que presentar a través da plataforma dixital as solicitudes, co cal, como de forma transitoria pódense presentar se así o desexan en papel, e serán os propios traballadores os que as suban á plataforma dixital, pero como ano transitorio, porque hai obrigatoriedade de presentalas xa en formato dixital. E por último, aproveito a miña intervención, neste momento, para agradecer ás distintas asociacións culturais do Concello de Barbadás, a súa colaboración en tódolos programas que se organizaron desde a Concellería de Cultura, tales como o As Letras Galegas, o Nadal, ou o ciclo de música Acá e Acolá, no que atopei sempre por parte das asociacións culturais unha resposta positiva, e por parte das persoas que pertencen ás mesmas. É o meu xeito de agradecerllo así publicamente. Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Señor Ramón Padrón. Está na súa quenda de palabra.

O sr. Padrón toma a palabra: Nada. Isto xa foi un tema moi falado o ano pasado. Valoramos moi positivamente de que se metera tamén o tema das compras de material. Que ao principio, vostedes non quixeron incluílo cando presentaron estas subvencións alá polo mes de marzo, creo recordar, e despois rectificaron e fixérono logo no mes de setembro. Agora xa ven todo xunto, e entón parécenos positivo. Sen embargo, para nós hai algúns puntos nos que queremos incidir. Cremos que se debe valorar igual, aínda que as actividades pasen dos 600 euros, vostedes fixeron aquí unha modificación e agora so reduciron a 600 euros, o que poden subvencionar por cada actividade, e logo vamos seguir incidindo en que se fraccione o pago das subvencións en dous prazos. Entón que no mes de xullo as asociacións que presentasen actividades xa feitas, antes do mes de xullo puidesen cobrar a subvención



á que teñen dereito. E logo para que isto tamén sexa posible, que a señora concelleira de cultura pois trate de traer estas subvencións, ou a aprobación desta modificación, ao pleno do mes de xaneiro como moi tarde, ou de febreiro. Tamén valoramos positivamente que en comisión informativa, accedesen a que isto siga vindo a pleno e non á xunta de goberno como pretendían nun primeiro momento, para que si houbera o caso de que durante o ano houbera asociacións que quixeran que houbera modificacións nestas subvencións, o goberno non estivera de acordo en aplicalas pois a oposición teñamos sempre a posibilidade de presentar alegacións, e que estas reformen o que é a concesión destas subvencións. Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten a palabra a señora Fina Varelas.

A sra. Varelas toma a palabra: Non teño nada que obxectar. Estou completamente de acordo.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

O sr. Fernández toma a palabra (PP): Pois como xa manifestamos tamén nas comisións informativas, vou dar unhas pinceladas por riba dos aspectos que nos parecían así máis salientables en canto á redacción, pero o fondo da cuestión, nos vamos facer unha rolda de contactos coas entidades culturais, igual que faremos coa proposta que ven despois para as asociacións de veciños e recabaremos as súas inxerencias e as súas propostas para traelas, posto que isto é unha aprobación inicial. Así por riba, vamos ver, xa o comentamos nas comisións informativas que isto ten que pasar por pleno. Parece que xa está modificada na nova redacción. Despois tamén, vamos ver, en canto ao punto 2, os beneficiarios, deberíase regular o mesmo que se fixo coas de veciños. Estamos pondo que poderían ser beneficiarios das subvencións previstas nas presentes bases, persoas ou entidades públicas ou privadas xuridicamente constituídas, é dicir, todo, ¿non? Entón, nós propomos e faremos as alegacións oportunas xa dixen no seu momento, o mesmo que se fixo coas de veciños, poderán ser beneficiarias tódalas asociacións e entidades culturais sen ánimo de lucro que desenvolvan accións no eido da cultura no noso concello. Entón, cambiar esa redacción. Despois, vamos ver, temos tamén, xa tamén o comentamos nas comisións, que non sexa necesario volver a presentar a fotocopia do CIF nin a acta fundacional, para aquelas asociacións que xa tiveron axuda o ano pasado, salvo aquelas que se constituían de novo ou que non participaran na...Penso que xa ven modificado, pero bueno, querémolo aclarar. E despois, tamén no procedemento de concesión, no punto 6, vamos ver, estamos pondo que examinada a documentación a Concellería de Cultura poderá conceder un prazo de ata dez días hábiles. O artigo 68 da Lei 39/2015, se non me equivoco é imperativo, obriga xa ás administracións a establecer ese prazo, entón tamén esa é unha redacción que habería que cambiar, ¿vale? Na



composición da comisión de valoración, tamén o fixemos coa convocatoria para as asociacións de veciños, está ben, temos a tres persoas, porque a Secretaria non tería voz nin voto, pero vamos a propor que os dous vocais non sexan dous concelleiros, senón que sexan funcionarios ou persoas que estean relacionadas co mundo da cultura. Parécenos moito máis axeitado. Nun principio, xa digo, vamos a recabar as inquiredanzas de tódolos colectivos en un principio votaremos abstención, á espera de ter todas esas alegacións preparadas. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ánxela.

A sra. González toma a palabra: Dicar unicamente, que efectivamente, que é unha ordenanza o mesmo que non lle vexo problema que veña tódolos anos, non lle vexo tampouco problema que a mesma ordenanza teña permanencia no tempo, e no caso de que se quixeran facer modificacións se puidese presentar a modificación exclusivamente. Ben é certo que do mesmo que se lle informou na comisión informativa de que bueno, non había ningún problema para poñelas para o ano 2017, tamén se lles dixo que si a oposición quería facer modificacións, poderías facer a través de mocións, poderíase recoller. Eu penso que a realidade, o de traela tódolos anos, eu entendo o punto de vista da oposición, pois poden ter certo resquemor a pensar que ao mellor, a transparencia ou tal, non cheguen a tempo para as modificacións, pero un pouco é entorpecer a administración, ¿non? Traéndoas tódolos anos. De todas formas non hai problema a traela tódolos anos, debemos estar no punto sobre todo coas asociacións culturais e veciñais de axudalas e de entre todos, pois construír e mellorar a ordenanza, pois, e no camiño vese, ¿non?. Se para o ano que ven hai que modificala a proposta súa e se a proposta é de tipo construtivo pois non hai ningún problema volvela a traer. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. ¿Nada? Fina. ¿Manuel? ¿Votos a favor? ¿Abstencións?

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor de PSdeG-PSOE , do BNG e Democracia Ourensana e coas abstencións do Partido Popular e do Grupo Mixto, o seguinte acordo: **“Aprobación inicial da modificación da ordenanza reguladora para a concesión de subvencións a asociacións e entidades culturais sen ánimo de lucro que desenvolvan accións no eido da cultura”**



6.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ASOCIACIONES VECIÑAIS.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos ao seguinte punto. Aprobación inicial da modificación da ordenanza reguladora de concesión de subvencións a asociacións veciñais. Ten a palabra o señor Serafín Núñez.

O sr. Núñez toma a palabra: Si, ben. Hai cuestións que é por reiterar porque coinciden, efectivamente, determinadas valoracións que acaba de falar a compañeira Ánxela ao respecto de que estar, non as vou a repetir, ao respecto de volver tódolos anos coa mesma ordenanza e este tipo de cuestións. Non vou a entrar neste debate, nesta cuestión. Si resinar que efectivamente pois o artigo 3 establece o tema da administración electrónica como ben comentou a compañeira, pois establece que este ano aínda se establece a posibilidade de que podan presentar a documentación en man as distintas asociacións, pois a veces é complexo que podan metelo pola plataforma, sobre todo este primeiro ano, pero ese debe ser o camiño. Comentaba tamén na comisión da semana pasada, que se reduciu de 40 a 30 días naturais para a presentación da aprobación da ordenanza, para a presentación da documentación. Si que efectivamente tamén, se recolle o que comentaba, creo que era o portavoz do Partido Popular, relativo á fotocopia do CIF da entidade e tamén relativo á fotocopia da acta fundacional da asociación ,que para aquelas asociacións que participaran en anos anteriores e presentaran xa esta documentación, se recolle no articulado que non será necesario a súa presentación de novo, ¿de acordo? Si recollemos, bueno pois efectivamente, algún tipo, algúns anexos que van a presentar neste caso por cada actividade que desenvolvan e resinar tamén algunha cuestión relativa, que nas negociacións que tivemos nas reunións coas distintas asociacións veciñais, establecemos que efectivamente pois puideran no artigo 4, tamén se recolle, que puideran destinar un 20% máximo do orzamento para material inventariable, necesario imprescindible para a realización de actividades. Modificamos, tamén, xa o resinamos tamén na comisión, o artigo 7 os criterios de valoración onde modificamos as puntuacións de maneira de que se son actividades que primen a orixinalidade, que prime que participe máis xente e que a duración das actividades se alongue no tempo, se van a puntuar de mellor maneira, por dicilo así, dunha maneira máis xenerosa para que tamén, o camiño do traballo das asociacións vaia nesa liña, ¿non? De facer pois actividades que perduren no tempo e que dinamicen a vida social que para iso tamén se dan, neste caso as subvencións, tamén para que fagan ese traballo de dinamización social. No artigo 8, tamén xa o comentei na , se modifica o valor que



dábamos para cada punto, porque as asociacións o ano pasado tamén esixía, bueno esixían, poñían enriba da mesa, qué querían coñecer que valor económico asinaba o seu punto, este ano reducimos como se incrementa a puntuación se reduce o valor do punto, se reduce a 187,50. E se establece tamén ese criterio dos 600 euros como máximo, como a cantidade económica que poden obter con cada actividade para atender a que desenvolvan unha cantidade importante, mínimo cinco actividades para poder chegar aos 3.000, ¿de acordo? Despois, algunha cuestión tamén que resinei na reunión coas asociacións e que creo que tamén é importante por enriba da mesa, que o ano pasado non tódalas asociacións foron moi escrupulosas ao respecto de comunicar á concellería a distinta cartelería coa que estaban traballando, e é algo que se recolle no artigo 10, obrigas dos beneficiarios, onde ten que haber unha lenda do concello ou da concellería de participación veciñal, como que subvenciona esta actividade. E é moi fácil mandar un wasap ou email á concellería para que en cada momento desde a concellería saibamos en que está traballando a asociación. Isto o puxen enriba da mesa porque me parece de criterio, nós temos que cumprir pero dende logo as asociacións tamén teñen que cumprir o que establece os artigos da ordenanza.

O sr. Alcalde toma a palabra Van catro minutos vinte segundos. Conto para todos igual

O sr. Núñez toma a palabra: Estou rematando. Se teño dereito a cinco minutos, son cinco minutos, digo eu. E despois xa, con relación ao tema do fraccionamento, que tamén o comentaban as asociacións, pois efectivamente, eu creo que xa o dixen tamén na comisión, vaise, se axilizan esta xustificación e xustifican antes do 15 de decembro tal e como establece o artigo 11, evidentemente van a poder cobrar a subvención antes, pero non se vai a proceder a este pago fraccionado, verán, decembro como xa se puxeron enriba da mesa da comisión.

O sr. Alcalde toma a palabra: Agora vai o tempo.

O sr. Núñez toma a palabra: Remato. Grazas

O sr. Alcalde toma a palabra: Señor Ramón Padrón, ten cinco minutos. Hai que remarcalo porque parece que.... Son cinco minutos, na primeira intervención, son cinco minutos

O sr. Padrón toma a palabra: Eu, nada. Simplemente volver repetir o de antes. Falou dos 600 euros, falou do fraccionamento, e que se traía antes a pleno, creo que no pleno do mes de xaneiro xa se pode traer isto, canto antes mellor. Presentaremos as alegacións, porque hai asociacións que non están de acordo con cousas que fan vostedes, incluso a algunha asociación non a convocaron á reunión. Polo menos este ano chamaron ás asociacións antes da aprobación inicial, vostedes o que fixeron o ano pasado foi traer a aprobación inicial e logo chamaron ás asociacións. Non sabemos aínda a día de hoxe



cal foi o motivo para que o ano pasado non se fixese o traballo ese, simplemente convocar ás asociacións para saber o que opinaban, e sen embargo este ano si se fixo, e xa digo a algunha non, manifestounos que non a convocaron, non sei se é verdade ou non.

O sr. Alcalde toma a palabra: Grazas. Señora Fina.

A sra. Varelas toma a palabra: Eu igual que no punto anterior estou de acordo. Vexo melloras. Obviamente sempre se poden facer as cousas mellor. Os veciños poden facer alegacións e se algunha asociación veciñal non está de acordo, pois ten un tempo para expoñelo. Pero bueno, en canto a nos en principio vémolos axeitados e vémolos ben. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Grazas. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

O sr. Fernández toma a palabra: Si, grazas. Por non repetirme moito, vamos a seguir a mesma liña nos mesmos puntos que fixemos coa proposta anterior para as entidades culturais, con esta proposta para as asociacións de veciños. Simplemente sinalar dúas cousas. O tema dos aprazamentos, estanos chegando tamén das distintas asociacións de veciños, que lle sería unha labor que lle facilitaría moito o seu traballo, entón vamos propor alegacións nese senso, que se poda fraccionar porque durante o ano 2016 a algunha asociación se lle fraccionou tamén, e non en dous, nin tres, ata catro ou cinco prazos. Entón como dixos a interventora nas comisións é viable, entón pois vamos tirar por elo. E logo tamén na composición da comisión de valoración vamos facer unha proposta. Temos catro persoas con dereito a voz e a voto, temos ao presidente que é o concelleiro de participación cidadá, dous vocais que serían traballadores, a Secretaria con voz e sen voto, pero temos despois ao vicepresidente do consello municipal de participación veciñal ou persoa na que delegue. Nós vamos propor que se suprima esta persoa. Quedaría tres, é moito máis lóxico, e aparte nin o coñezo nin teño nada en contra del, e que tampouco, pero vamos ver, o tema do consello de participación veciñal, paríuse mal, está sen funcionar, non é efectivo. A elección naquel momento do presidente tamén levaba varias dúbidas con elo. Entón a ver, a proposta vai ser tres persoas, presidente, concelleiro de participación cidadá, dous traballadores municipais ou persoas vinculadas co eido de participación veciñal e a Secretaria con voz e sen voto. Catro persoas aí como que non. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Señor Serafín Núñez.

O sr. Núñez toma a palabra: Bueno, a ver. Moi breve. Efectivamente como se recolle na ordenanza que as actividades que se subvencionaran irán do 1 de xaneiro ao 1 de decembro, coa prórroga tamén das que se presenten en decembro para poder xustificalas a 15 de xaneiro. Como ese prazo de 1 de xaneiro a 1 de decembro digamos que é efectivamente independente un pouco cando se traia, ou



cando se aprobe a ordenanza, Intentaremos para o ano se non hai modificacións substanciais traela xa ao pleno de xaneiro pero quero dicir que pode ser un pouco indiferente de cómo está organizada a ordenanza. Comenta o portavoz de Compromiso que se non convocamos a algunha asociación, a verdade que eu dixen na concellería e dei o listado de teléfonos e tal, para que se puxeran en contacto con tódolos presidentes, con tódolos directivos das distintas asociacións. Despois tamén non podo saber, se efectivamente, aínda que me dicen que se avisan, eu podo relatar as distintas asociacións que estiveron na reunión do día 20, Finca Fierro, Fonsillón, Bentraces, Sobrado, Parada, As Lamas, Mondedeu...evidentemente non estaban todas, pero si había sete, oito, ben, sete. Con respecto co que di o portavoz do Partido Popular o tema do aprazamento, o fraccionamento, xa o manifestamos, na comisión quedou claro, que iso suporía un, digamos, un boicot, non un boicot, pero si un traballo excepcional, moi excepcional para os servizos administrativos do Concello, de intervención, teríamos que facer, duplicar todo tipo de proceso que se pode facer unha vez ao ano, duplicalo para poder conseguir esta subvención no mes de xuño, ou parte fraccionar esta subvención no mes de xuño e non entendemos que iso efectivamente poida ser así. Vemos que veñen de recibir nomeadamente unha subvención importante, que rondou na maioría dos casos os 3.000 euros no 2016, e que efectivamente xa as asociacións poden estar en disposición de poder afrontar o ano con certa tranquilidade, respecto de cuestións económicas. E por volver un pouco atrás, eu xa sei xente que lle doe cando miramos para os vinte oito anos atrás, e que efectivamente aquí se traballaba como se traballaba, vinte oito anos antes, onde se daban as subvencións en base ao que dicía un señor que estaba sentado nesta mesa, un señor de bigote que estaba sentado nesta mesa, e que distribuía os diñeiros dun xeito absolutamente arbitrario onde daba 500 ou 1000 euros ou 1.500 para distintas asociacións, algunhas que desenvolvían actividades absolutamente nefastas, e nós estamos pondo enriba da mesa 3.000 euros para cada asociación, facendo uns criterios absolutamente plurais. Non, eu creo que non lle faltei a ninguén, creo. E nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Agora Ten que rematar.

O sr. Sarín toma a palabra : Veña remato, con respecto á comisión de valoración eu creo que hai que por en valor ao consello cidadán e eu creo que é normal que participe en este tipo de cuestións

O sr. Alcalde toma a palabra: Agora Remate. Eu non lle vou pedir que retire unha palabra. Iso ten que solicitalo vostede se o considera. E despois el ten que aceptalo ou non aceptalo, agora por iso, agora rematou a súa intervención pídallo si quere.

A sra. Vispo toma a palabra: Vostede ten que moderar.



O sr. Alcalde toma a palabra: Agora estoulle dando a posibilidade como vostede dixo, de solicitar que o retire ou non. Agora pois precisamente, vale. El rematou. Señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Repetir que imos, que presentaremos algunha alegación. Tamén que coincido neste co señor Manuel, no tema da comisión de valoración, o vicepresidente de participación veciñal, tampouco teño nada en contra desa persoa que non o coñezo, pero a elección ese día non foi cando menos, para nós lexítima. Foi unha elección... Entón se estamos falando de participación... Non fagan así para atrás, porque imos, se estivera o ... estou falando eu. Se estivera o partido contrario e fixeran algo así vostedes porían o grito no ceo. Entón xa digo, non pasa nada porque ao fin e ao cabo non vai chegar a sangue ao río, pero a elección non foi correcta. Entón que esa persoa estea nunha representación dunha comisión de valoración, cando foi elixida por dúas, tres, catro, cinco persoas, sete, nove. Non, pero é que o normal, pero é que o normal

O sr. Alcalde toma a palabra: Argumente despois. Pídolles que argumenten despois. Claro exactamente.

O sr. Padrón toma a palabra: Estou na miña quenda. O vicepresidente de participación veciñal ten que estar escollido por tódalas asociacións culturais, deportivas, veciñais, gastronómicas, do que sexa. Ten que estar elixido, porque é o vicepresidente de participación veciñal. Non pode estar escollido por sete persoas ou dez, ou quince, que non participan en ningún movemento asociativo. Vamos, iso é o que pensamos nós, vostedes pensarán outra cousa.

A sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. ¿Sra. Fina? Nada. ¿Manuel?

O sr. Fernández toma a palabra: Si, primeiro vou solicitar do señor Núñez, non que retire, senón que cambie a expresión “aquele señor de bigote” non, eu voulle pedir que fale do exalcalde. Ben, a partir de aí, o consello municipal de participación veciñal nunca funcionou, desde o primeiro día, porque na súa estrutura xa era ilegal. A votación e a representación é ilegal, si se quere mirar, e era elixida a persoa, o vicepresidente de entre colectivos non representados nin asociados, así que mire vostede a validez que ten, pénselo. Vamos ver, eu si fose a señora Interventora estaría preocupada cando menos co seu comentario, de que se entregaba a un señor de bigote como vostede falou, de que daba a dedo unhas subvencións. Eu estaría cando menos preocupado, eh! Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Un minuto, porque fixo referencia ao que fixo referencia. Falou de retirar un comentario entón debería ter que responder a esa petición de retirada. Alo menos a eso.

O sr. Núñez toma a palabra: A iso e algunha cuestión máis que queda todo no aire.

O sr. Alcalde toma a palabra: A iso.



O sr. Núñez toma a palabra: Retiro o do señor de bigote se tanto lles preocupa a vostedes. Non sei, foron vinte oito anos e a algún... Xa está, o excalcalde, perfectamente. Con respecto, podo falar do consello municipal)

O sr. Alcalde toma a palabra: Brevisimamente.

O sr. Núñez toma a palabra: E que vamos ver, falan de legalidade. Quince persoas estaban escollidas como veciños non adscritos, e a ordenanza establece coa ordenanza, establece a ordenanza, non o que a min me gusta, o que a ti te guste. O que establece a ordenanza. Estaban sete, viñeron dous máis, eran nove e sobre os nove decidiron escollelo e punto. No, votaron nove, e revise a acta, se quere Manuel. Na acta está.

O sr. Alcalde toma a palabra: Vamos ver, non entramos, no galiñeiro non entramos

O sr. Núñez toma a palabra: Eles acabaron decidindo que escollían ao vicepresidente e é unha decisión totalmente democrática, se vos gusta ben, e senón é o que hai.

O sr. Alcalde toma a palabra: Non estamos nun debate de galiñeiro agora mesmo. Pedíuselle unha aclaración, fixo a aclaración, pode gustar máis ou pode gustar menos.

O sr. Núñez toma a palabra : ¿E Podo falar das subvencións?

O sr. Alcalde toma a palabra Non, tivo xa o seu tempo. Non. ¿Votos a favor? ¡Abstencións? Facemos un receso de oito minutos, bueno cinco, Vamos moi ben de tempo.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada cos votos a favor do PSdeG-PSOE, do BNG e Democracia Orensana, e as abstencións do PP e do Grupo Mixto o seguinte acordo:”**Aprobación inicial da modificación da Ordenanza reguladora para a concesión de subvencións a asociacións veciñais inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Barbadás.**”

7. MOCIÓN DE DEMOCRACIA ORENSANA RELATIVA Á CAMPAÑA DE EMPADROAMENTO DO CONCELLO DE BARBADÁS.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moción de Democracia Orensana relativa á campaña de empadroamento do Concello de Barbadás. Ten cinco minutos.

A sra. Varelas toma a palabra: Espero que me sobre algún. O municipio de Barbadás está gozando dun crecemento demográfico acelerado, por encontrarse dentro da área de influencia da capital. Isto supón un incremento nos gastos para dar servizo a todos os veciños. No ano 2016, segundo as cifras



de padrón, había censados 10.638 habitantes. Isto non se corresponde coa realidade, xa que no concello de Barbadás, a poboación, como na Valenzá, hai moitas persoas vivindo sen estar censadas. Isto crea un gran perxuicio ao concello, xa que unha das partidas máis importantes que temos é a que nos manda o Estado por persoas censadas. No ano 2015, ingresáronnos 1.662.426 euros con 16 céntimos. Así mesmo, a Xunta tamén nos mandou 317.895, 93 céntimos. Aínda que isto non inflúe nas persoas censadas. Vendo tales circunstancias, presentamos esta moción. Proponemos en primeiro lugar, dar a coñecer as ventaxas e explicalas con claridade e precisión, por estar empadroados no concello. A publicidade para dar a coñecer ditas ventaxas publicitarase na páxina web do concello de Barbadás, en taboleiros de anuncios, xornais ou vallas publicitarias. Isto púxeno a maiores. En segundo lugar, dita publicidade será de forma periódica, dúas veces ao ano. Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Señor Ramón, ten tres minutos.

O sr. Padrón toma a palabra: Estamos totalmente de acordo coa proposta de Democracia Orensana e consideramos prioritario de que se faga canto antes unha campaña, que xa se falou sobre este tema en meses atrás. Estamos esperando por esa campaña, como estamos esperando tamén pola páxina web. Esta campaña, esta campaña, deberá ter como eixes fundamentais, explicar aos cidadáns por que é necesario inscribirse no concello de Barbadás, e todas as ventaxas que hai nos colexios, garderías, programas sociais ou de emprego, axudas, escolas deportivas ou musicais. E logo tamén a documentación que se necesita para facer este empadramento, e tamén como empadroarse, a través, indo ao concello, pedindo cita a través da páxina web, e todo este tipo de cuestións que faciliten aos cidadáns que se podan censar, ou empadroar. Tamén, na comisión informativa, falou o señor Tenente Alcalde de, tamén de explicarlle aos veciños, os custes que teñen os servizos que da o concello, e a necesidade de que estean empadroados, para que estes servizos se podan dar o mellor posible. Parécenos unha boa idea tamén, para facer esta campaña de empadramento. Entón, pedimos que se faga canto antes, que se faga canto antes porque isto si que son temas prioritarios e non ao mellor outros. Estuden tamén a posibilidade, a posibilidade do tema das vivendas valeiras que existen no concello, para que esas vivendas podan ser ocupadas, ou os donos desas vivendas estean incitados a alugalas ou ocupalas dalgunha maneira, para que tamén fixen poboación aquí dentro do concello, porque hai concellos en outros lados que teñen medidas deste tipo.

O sr. Alcalde toma a palabra: Rematou, ¿si? Grazas. O voceiro ou voceira do Partido Popular. Ten tres minutos.

O sr. González toma a palabra: Moitas grazas señor Alcalde, e boas tardes a todos e a todas.



Estamos moi de acordo con esta moción. Tan de acordo que nos parece incluso insuficiente. A Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, nos seus artigos 15, 16 e 17, establecen a obriga de toda persoa de inscribirse no padrón do municipio onde resida habitualmente, ao tempo que describe uns datos que son obrigatorios da devandita inscrición municipal. A responsabilidade da xestión, mantemento e custodia do padrón municipal correspóndelle ao concello. O padrón dota ao concello dunha ferramenta básica, xa que permítelle unha acción de goberno máis eficiente, primeiro por unha parte o mapa sociodemográfico do municipio facilítalle a planificación. Por outra parte, segundo o número oficial de habitantes é o punto de referencia para recibir recursos externos tanto en forma de financiación como de provisión de servizos. Dende o Grupo Popular de Barbadás consideramos que dende o propio concello débese e tense que xogar un papel máis activo, poñendo en marcha diferentes estratexias que fomenten o empadramento de todos os veciños e veciñas que residen en Barbadás e que aínda non o teñen feito. E non manterse como simples espectadores buscando excusas e botándolle a culpa a factores externos. Por todo o exposto o Grupo municipal do Partido Popular de Barbadás, propón ao pleno da corporación unha emenda `in voce` que contemplaría a adopción dos seguintes acordos. Primeiro, o concello de Barbadás porá en marcha un plan municipal para fomentar o empadramento a través de distintos incentivos nos trámites municipais e campañas informativas para dar a coñecer as vantaxas que ten o feito de empadroarse no municipio, mediante unha comisión con todos os grupos municipais. Segundo, todos os grupos municipais comprometémonos a dar a coñecer este plan para fomentar o empadramento a través das diferentes páxinas web, blogs ou redes sociais. E terceiro, cando remate o prazo acordado, o goberno municipal dará conta das accións realizadas e dos resultados obtidos ante a comisión correspondente. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas a vostede. Tres minutos. Está no seu tempo de resposta aínda. Despois cando interveña nos tres minutos que lle correspóndelle.

O sr. Fírvida toma a palabra: Pois nós tamén estamos totalmente de acordo con esta moción. Entendemos que é necesario que a xente que reside no noso concello estea empadroada en Barbadás, entre outras cousas porque a participación do concello nos fondos que proveñen do Estado, na participación dos ingresos do Estado, faise esta distribución en función de varias variables, unha delas é o esforzo económico e fiscal da cidadanía, hai variables de dispersión, pero tamén hai outras variables que é o número de persoas empadroadas, que é a que máis pesa nese reparto. Polo tanto cantas máis persoas estean censadas en Barbadás, maior será a posibilidade de financiamento que teña



o Concello de Barbadás. Estamos falando que se a redor de 10.000 persoas recibimos unha participación dos ingresos do Estado, de 1.662.000, se tivéssemos 2.000 persoas máis empadroadas, poderíamos estar falando de cantidades superiores aos 200.000 euros máis de financiamento. Ademais hai que ter en conta que as persoas que están censadas no concello tamén supoñen un custe en canto aos servizos que se prestan desde o propio concello, o que sucede é que a emenda que presenta o Partido Popular, vostede dirá si a aceptan ou non, en canto aos incentivos, xa se está facendo. No Concello de Barbadás xa desde hai moito tempo, para ter acceso a varios servizos públicos do concello, un dos requisitos é estar censado. Por exemplo, para a compra de bonobuses, para ser socio das piscinas, para ser socio do polideportivo, para a escola municipal se valora positivamente que estean censados en Barbadás, é dicir todos aqueles servizos que se prestan, digo xa desde hai moito tempo, xa se require que se estean censados. O que sucede que a práctica demostra que moitos matrimonios se censa unha das persoas cando senten a necesidade porque teñen un neno ou unha nena pequena que quere acceder a estes servizos públicos, pero outra das persoas do matrimonio segue sen estar censado no concello. É moi difícil obrígalos a censarse, aínda que é unha obriga legal, como dixo o señor Manuel, é moi difícil, porque tería que estar constantemente a policía local visitando esas vivendas, facendo inspeccións, e nós teríamos que ter un carácter de obrigar. Obrigar, eu creo que o concello non podemos andar por aí facendo de policías e obrigar á xente a que se cense, eu sería máis favorable a facer unha campaña en positivo, informando de que os servizos públicos que se ofertan desde o concello de Barbadás, se manteñen grazas ás persoas que están censadas no concello, e desde ese ámbito tamén, como dixo o señor Ramón, que me parece unha boa idea, informar a través das páxinas web, de todos os medios que teñamos, de cartelería, e tamén cales son os trámites necesarios para que as persoas se censan dunha forma máis cómoda, e con toda a información dispoñible.

O sr. Alcalde toma a palabra: ¿Señora Fina?

A sra. Varelas toma a palabra: Primeiro punto, non acepto a emenda do Partido Popular. A moción é a que eu presento e é a que quero que siga. Segunda cousa, bueno, empadroarse no Concello de Barbadás é ben sinxelo, eu creo que iso sábeo todo o mundo. É un recibo de luz, de subministro e o DNI da persoa, non se necesita máis nada para empadroarse, vir aquí ao concello ou ás oficinas da Valenzá. Non ten moita máis...O problema que lle encontro non é iso, o problema que lle encontro é que moitas persoas realmente, non teñen o coñecemento de que temos diñeiro por persoas empadroadas. Con ese diñeiro poderíamos ter unha segunda gardería, con ese diñeiro poderíamos ter mellor as rúas, con ese diñeiro poderíamos facer moitísimas cousas. Iso é no que eu basei a moción,



porque a veces a xente, algunha sábeo, e outra pois non o fai por ignorancia. E eu onde quero chegar é precisamente a esas persoas que non se empadroan por ignorancia, porque pensan que da igual estar empadroadas en Barbadás ou en calquera outro concello. Entón o que quero é que se lles explique, que lle quede ben claro, que estando empadroado podemos dar moitos máis servizos, mellor calidade a todos os veciños, porque bueno, dito podemos ter moitísimas máis cousas das que temos, tendo a mesma poboación. E eu penso que é algo máis de 200.000 euros, penso que é algo máis de 20.000 euros, porque penso que incluso hai máis de 13.000 persoas vivindo no concello. E nada, esta é unha moción que bueno, se falou varias veces de que temos que facer campañas, e aínda non se fixo ningunha. Xa levades ano e medio de goberno e penso que é o momento. E volvo a dicir, e non so facer unha campaña senón penso facer como dúas ao ano, porque as persoas cando se lle recordan as cousas é cando as fan. Non podemos facer unha campaña en catro anos e esquecerse, porque todos os anos pois se están vendendo pisos, todos os anos se están alugando pisos, todos os anos está vindo xente, marchando... Entón temos que meterlle ás persoas, conciencialas da realidade de que o concello necesita dos veciños, para que funcione porque o diñeiro sae dalgún sitio. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra : Unha vez que veu esta moción a pleno, nós esperabamos que desde o goberno xa se tivese, nos explicaran que xa estaban en marcha algún tipo de campaña, polo que vemos non hai nada feito aínda. Entón, nós vamos a aprobar a moción. A nosa idea, a nosa opinión é que hai que facer unha campaña de empadroamento na que se explique claramente e meterllas ao cidadán nas súas casas, e para facer unha campaña, se facemos unha campaña, temos que deixar ben claro tres puntos básicos: Por que esa persoa queremos que se inscriba dentro do concello, todos os servizos ten que quedar ben claro a esa persoa, todos os servizos que o concello presta para que sexa consciente do que ten Barbadás, eh! Estou falando, non solo dos servizos que presta o concello, senón o tipo de asociacións que existe no concello para que vexa todo o movemento que ten o concello. Hai que llo explicar moi ben explicado. A documentación que precisa esa persoa para empadroarse, moi clariño, e logo onde se ten que dirixir e todas as posibilidades, facilitarlle o máis posible que se poda inscribir. Xa digo ata pedindo cita para que se poda inscribir, empadroarse, a través da páxina web, tipo, que hoxe en día hai moitas maneiras. E logo que se preste algún tipo de incentivo, como descontos en, pois nas escolas, ou, algo, algo que se lles ocorra, onde poida facer un pouco apetecible pois que esa persoa, que eses matrimonios, ao mellor outra persoa dé o paso e xa se empadren os dous. E logo vólvolle a repetir, busquen algún tipo de medida, para iso están no goberno que son vostedes os



responsables para buscar iso, para o tema das vivendas baleiras, para que os propietarios desas vivendas as poñan en aluguer ou as movan. A ver, as movan. De maneira que podan chegar a ser habitadas e con isto consigamos fixar aínda máis poboación. Nese senso nós traemos logo unha moción que é do tema da restauración das casas antigas, que significa tamén fixar poboación e empadroar xente no concello e aumentar os ingresos.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro do Partido Popular.

O sr. González toma a palabra: Moitas grazas. Non entendo o sentido dona Fina á hora de rechazar a emenda, eu penso que estamos a dicir todos os grupos practicamente o mesmo con distintas palabras. Para unha vez que estamos de acordo pois parece unha mágoa ter que entrar a debater. Non sei se o problema é que estea en castelán, pois poñémola en castelán. Ou se é que a redacción non lle gusta, facerlle ela, pasar amablemente o tema e que a redacte ela e que o corrixa. Eu penso que, a emenda ía no sentido de clarificar un pouquiño máis, onde ela dicía, en primeiro lugar dar a coñecer as ventaxas con claridade e precisión por estar empadroados no concello, publicidade de dar a coñecer ditas ventaxas na web do concello, facémola extensiva tamén aos outros grupos municipais, as campañas informativas, é dicir, ¿cal é o problema de opoñerse? Non o entendo de verdade dona Fina. Non sei se é por afán de protagonismo ou non sei. Desde logo o papel de vixiante neste caso e cando todos os demais incluso o Grupo de Goberno municipal parece estar de acordo, e penso que non é discutible que o padrón municipal é un tema que beneficia tanto economicamente, de todos os puntos de vista, desde a apertura do novo centro de saúde, dende a recepción de cuartos de parte do concello e demais, é beneficioso. Non entendemos francamente por que se nega. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra o señor Tenente Alcalde.

O sr. Firvida toma a palabra: Sobre a moción nada máis que dicir, totalmente de acordo. Sobre o traballo que leva feito este goberno, sobre iso, pois xa o temos traballado. O que sucede é que os recursos do concello son os que son, e como din vostedes moitas veces pois hai prioridades. E temos que ir gastando naquelas cuestións que van xurdindo con carácter de necesidade imperiosa e atendendo ás necesidades que podemos. Agora si, vamos a intentar este ano facer unha campaña neste senso, porque bueno, todo ten un custe. E sobre o das vivendas baleiras, eu de verdade, non sei si é función e si ten competencias un goberno municipal, para intervenir no mercado da vivenda. Eu primeiro me informaría antes de dicir esas cousas, e moi ben informado porque non sei se temos capacidade legal para intervenir no mercado da vivenda. O que si poderíamos ter é unha bolsa de vivendas baleiras para familias en risco de exclusión social, ou algunha cuestión diste carid, pero



intervir para que as vivendas se poñan a disposición dunha persoa para que se aluguen eu creo que iso forma parte máis do ámbito privado que da administración pública. En todo caso sería a estudar con persoas moi coñecedoras do tema que neste caso temos algunha neste pleno.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten, creo lembrar que un minuto.

A sra. Varelas toma a palabra: Nada. Dicirille ao señor Padrón, que bueno que o concello non é quen para obrigarlle a alugar ou vender unha vivenda. Non, é que poñer a disposición, o concello si se pode meter en cando se unha vivenda está en ruínas, pois si peligra aos veciños, pois si se pode meter. Agora dicirille aos propietarios dunha vivenda que a teñen que alugar, pois non é unha competencia do concello. Iso xa llo digo. En cando ao señor Manuel xa que a moción que eu presento está clara, estamos todos de acordo, non entendo unha emenda, o sexa sinceramente. Se vostede o ve tan claro, tan claro, tan claro, as emendas é cando se quere meter cousas a maiores, e eu penso que a moción é corta, simple e concisa. O sexa, quérese dicir o que se quere dicir, e senón vostedes presenten unha como esta pero máis ampliada. Non hai problema ningún. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten que rematar. Moitas grazas. ¿Votos a favor da moción?

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: “**Moción de Democracia Ourensana relativa á campaña de empadramento no Concello de Barbadás**”

8. MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR DE BARBADÁS PARA QUE SE REGULE O FUNCIONAMENTO DA ESCOLA DE MÚSICA.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moción do Partido Popular de Barbadás para que se regule o funcionamento da Escola de Música. Ten a señora Chelo Vispo polo que vexo cinco minutos.

A sra. Vispo toma a palabra: A Escola de Música xunto coa agrupación Nova Fronteira foron e seguen sendo un gran referente dentro e fora do noso territorio. Aló onde van sempre deixan unha pegada satisfactoria motivo de orgullo. Isto é froito do traballo desenvolvido polo goberno do Partido Popular en anos pasados, que sempre apostou por modernizar e tratar de conquistar un concello referente e punteiro a nivel cultural. Este esforzo meritorio fixo posible contar na actualidade con un equipo directivo e organizativo digno de envexa, que foron quenes de levar ao máis alto do panorama cultural e musical provincial o noso concello. Pero todo isto non sería posible sen mesturar o moderno



e o clásico da Escola de Música e o tradicional e máis arraigado de Nova Fronteira. Por iso é necesario manter esta simbiose, pois sen ela os resultados acadados ata a data non serían iguais. A veciñanza de Barbadás, e moi especialmente aquela vinculada ás escolas non permitiría ningún tipo de actuación que alterase ou que puidera deteriorar a imaxe actual, o prestixio e o bo facer dos traballadores e dos seus integrantes. Como non podería de ser doutro xeito, de ser o caso contaría co apoio do noso Grupo para evitalo. Especial importancia ten sen dúbida o que inspira o motivo desta moción que non é outro que velar polos intereses que amparen e garantan as condicións dos alumnos e alumnas das mesmas. Compre pois regular de forma axeita a convivencia entre a Escola de Música Municipal e Nova Fronteira, sen que quede ningún oco baleiro, que poña en entredito as últimas condicións dos integrantes destas agrupacións, no seu funcionamento diario e nos seus desprazamentos. Por todo isto, presentamos á consideración do pleno os seguintes acordos:

-Primeiro, elaborar un regulamento para a Escola de Música axeitado que complemente ao que existe na actualidade en todos os aspectos organizativos e legais. Que dentro deste regulamento queden cubertos os aspectos funcionais, organizativos e de coordinación entre a escola e a agrupación Nova Fronteira, utilización de materiais, locais e moi especialmente e para nós fundamental, a cobertura nos desprazamentos para calquera das formacións, dos alumnos e alumnas. Ao Partido Popular, o que máis lle preocupa neste momento é ese desprazamento dos nenos e nenas da Escola de Música, por iso traemos esta moción con o bo ánimo, como xa dixemos na comisión informativa. A historia de Nova Fronteira, se me permiten, a Asociación Cultural Nova Fronteira, fundouse en decembro do ano 1989, e desde os inicios a súa actividade foi encamiñada para o funcionamento e mantemento da banda de gaitas Nova Fronteira. Desde os inicios a banda estivo moi respaldada polo Concello, directiva, compoñentes e familiares e grazas a iso converteuse en pouco tempo nun referente non so a nivel local senón a nivel galego e español. Durante estes anos ten conseguido grandes éxitos nas distintas competicións nas que ten participado, salientando as dúas ligas gañadas nas temporadas 98/99, 2009/2010. Catro subcampeonatos de liga nas temporadas 99, 2012/2013, 2013/2014, 2014/2015. Campións en varias fases e certames a nivel galego. A evolución, a innovación da música fixo que fosen os pioneiros en combinar outros instrumentos tales como clarinetes, saxos, trompetas, baixos, violins, etc. Tamén non podemos olvidarnos de todos os lugares onde levan a súa música, salientando entre outros, como outras provincias da xeografía española, incluso fora, foron a Ginebra, Zurich e Italia. Desde fai case dez anos manteñen unha relación directa coa Escola de Música Municipal de Barbadás, mediante o cal os alumnos que se forman na mesma poden chegar a tocar en Nova



Fronteira, e participar nos eventos e actuacións da mesma. Queremos resinar que neste momento teñen doce nenos da Escola que están tocando con eles, e por ese motivo nós traemos esta moción. Xa digo, sempre con boa fe, para que o que nos preocupa ao Partido Popular, é que todo quede no regulamento e que todos sega a funcionar como ata de agora e que realmente os nenos sexan sempre os que teñen que estar cubertos. A proposta que podemos facer nós aparte dos acordos, Pois que estes nenos se asocien a Nova Fronteira e que Nova Fronteira faga un seguro para estes nenos. O que entendemos que pode ser. Que todo siga igual porque a unión deles, os nenos que están agora mesmo na Escola de Gaita pois poden pasar a traballar con eles, a ir por aí, a tocar con Nova Fronteira, o que están facendo, de vintepico nenos que están agora mesmo na escola de gaita, doce xa están con eles. Entendemos que a postura do Partido Popular é esa. Sempre que queden cubertos os desprazamentos de nenos, tanto na Escola Municipal como cando saian con Nova Fronteira, que teña coñecemento o director da escola e que todo siga funcionando como ata de agora. Iso é o que propomos no Partido Popular. Grazas

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Ramón Padrón. Xustiño os cinco minutos señora Chelo, moi ben. Foron xustos. Señor Ramón.

O sr. Padrón toma a palabra: Ben. Entendemos que a moción ven ao fío de algúns problemas que xurdiron na Escola de Música, nós subscribimos a moción palabra por palabra e punto por punto, e esperamos que na actualidade, eses problemas como outros que nós espuxemos no seu día, cando temas menores de administración, como era o tema dos recibos, das notas, e do tema das excursións, esperemos que a día de hoxe xa estean solucionados e para nós, xa digo, subscribimos a moción ao cen por cen. É importante que haxa un regulamento onde queden claras a coordinación entre a Escola de Música, a Agrupación Nova Fronteira e todos aqueles integrantes que participen dentro deste servizo do Concello. Non temos nada máis que dicir.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a señora Fina Varelas.

A sra. Varelas toma a palabra: Democracia Orensana neste punto vai a apoiar ao Partido Popular porque vexo que bueno, que vai con bo fin. A Escola de Música de Barbadás está funcionando moi ben, o que piden é que siga funcionando ben, polo tanto vamos a apoialos.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a señora Ánxela.

A sra. González toma a palabra: Ben. A Escola de Música foi evolucionando e cambiando ao longo de todos estes anos, como é normal, o seu funcionamento, como é normal, e tamén como é natural. Froito desta evolución xurdiron novas necesidades e funcionalidades que requiren respostas desde o



ámbito institucional. Actualmente e tras varios anos de funcionamento xurdiron agrupacións musicais como consecuencia dos anos de formación dos nenos e das nenas. Así hoxe na Escola contamos cun grupo de cordas “Sen contrastes”, formado por alumnos e alumnas de guitarra e de violín, contamos coa banda xuvenil e a banda infantil e contamos cun grupo de gaitas e un grupo de metais. Ademais disto plantexouse darlle unha nova dimensión á Escola, creando obradoiros de música tradicional que fomenten e creando programas que fomenten a inclusión social. Todo isto require, como ben plantexan vostedes, a actualización, unha actualización do actual regulamento da Escola de Música. Algo que tanto desde a dirección da Escola como eu mesma tivemos na cabeza desde hai tempo xa, pero que realmente fomos aplazando en moitas ocasións por cuestións de organización e de puntualizacións, pero que efectivamente haino que facer e hai que marcar tempos para facelo xa, ¿non? Polo que respecta á relación da Escola de Música con asociacións de ámbitos privados, hai que ter claro que a Escola de Música é un ente público, cuxa función é a formación dos nenos e nenas que acuden a ela como alumnado. E as asociacións privadas, de carácter cultural teñen socios e socias que toman as súas propias decisións, teñen estatutos propios e funcións en moitos casos diferentes e noutros casos complementarios de formación e de dinamización dos distintos colectivos. Ambas son complementarias, ambas son complementarias. Entre a institución pública que é a Escola de Música e a privada que pode ser Nova Fronteira ou calquera outra asociación debe existir e ao día de hoxe existe unha colaboración, o cal favorece que unha complementa dalgún xeito a outra, pero en ningún caso propiciar que o que debe ser unha lexítima colaboración, se converta nunha simbiose que provoque que chegue a existir unha confusión de onde empeza unha e onde acaba a outra. Onde empeza o público e onde empeza o privado. Tanto no aspecto da formación, do papel que cumpre o profesorado da Escola de Música e mesmo da responsabilidades de cada un, en relación cos alumnos e alumnas que se moven en cada actuación. Por todo isto, desde o noso punto de vista, o punto 1 asumímolos perfectísimamente sen ningún problema, pero o punto 2, propoñémoslle unha emenda. Vouna ler polo alto e voulla pasar por escrito.

A emenda sería a seguinte, sería unha emenda de substitución na que vostedes din, que dentro deste regulamento queden cubertos os aspectos funcionais organizativos e de coordinación entre a Escola de Música e a agrupación Nova Fronteira, utilización de materiais, locais e moi especialmente a cobertura nos desprazamentos para cada formación dos nenos e dos alumnos e as alumnas. Ben, a emenda que propoñemos nós é a seguinte: que nos convenios que anualmente se asinan entre o Concello de Barbadás e as distintas entidades culturais do Concello se contemplen todos os elementos



organizativos referidos a esa colaboración, como a utilización de locais e materiais municipais entre outros, así como as garantías que se establezan para as coberturas de posibles responsabilidades civís. Pásolles un a cada un. Ben, Dito isto. A min descóntame o tempo que estou calada.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ai, perdón.

A sra. González toma a palabra: Creo que é de xustiza dicir que ninguén pode poñer en cuestión o papel que cumpriu Nova Fronteira e que segue cumprindo, pero agora en diferente medida porque tamén Barbadás cambiou, no que se refire tanto a formación musical como a dinamización cultural, sobre todo á cohesión social que tivo nun momento determinado. Isto merece que desde o Concello de Barbadás sigamos tendo certa obriga de colaborar con Nova Fronteira pola súa historia, pero tamén polo presente que aínda segue representando. Por este respecto que lle debemos a Nova Fronteira e tamén polo respecto que lle debemos de cara o futuro non podemos permitir que se nos desmadre a colaboración entre Nova Fronteira e a Escola de Música, de tal xeito que acabemos por botar balóns contra o tellado da Escola de Música e de xeito colateral poidamos perxudicar a Nova Fronteira. Por isto creo firmemente que temos que establecer unha colaboración clara, diáfana e transparente nas que estean perfectamente delimitada sempre en cada momento cales son as funcións cometidos obrigas da Escola de Música e do Concello de Barbadás respecto a Nova Fronteira, pero tamén as obrigas, dereitos funcións e cometidos de Nova Fronteira respecto á Escola de Música e do Concello, dos seus propios integrantes. Por todo isto, o ano pasado decidimos facer un convenio no que xa se intentou ir, regular a colaboración entre a Escola de Música e Nova Fronteira. Convenio que este ano ao revisalo, nos demos conta de que tiña puntos que debían ser matizados.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten que deixalo aí. Grazas. Chelo. Bueno, non, si. vamos ver, non non, concordamos e pon o regulamento que ela é quen espuxo polo tanto ten ten un turno de tres minutos e despois procede a falar vostede outra vez. Si, si.

A sra. Vispo toma a palabra: Ante todo pido desculpas porque non teño a voz ao cen por cen e perdoade se ao toser interrompo algunha, iso que quede claro. vamos ver, nós, esta emenda non a vamos a aceptar porque o que traemos é como vostede ben dixo fai un momentíño, é clara, ten que ser clara. O que é a delimitación con Nova Fronteira. Nós aquí, distintas entidades culturais neste momento non o estamos valorando. Estamos valorando o que é a Escola Municipal co convenio con Nova Fronteira porque isto pode dar pe a puntos suspensivos, ou nun momento determinado que entren outras entidades culturais no Concello por convir a maiores, pois que vaia, acepten mellor esa entidade cultural, se faga ese convenio e deixen a un lado a Nova Fronteira. Non, vamos ver.



A sra. González toma a palabra: Ese non é o sentido da emenda.

A sra. Vispo toma a palabra: Vamos ver. Nós non a vamos a admitir. O que temos claro é que neste momento traemos unha moción con Nova Fronteira e que están claros os acordos. É elaborar un regulamento para a Escola de Música axeitado que complete. Iso estamos de acordo todos. Bueno, vostedes. O segundo que dentro deste regulamento queden cubertos aspectos funcionais, organizativos e de coordinación entre a Escola e a Agrupación Nova Fronteira. É a nosa moción. Nós non a vamos a admitir. Están no seu dereito de non admitila. ¿Vale? Pero nós non estamos de acordo. Estamos agora mesmo valorando o convenio entre Nova Fronteira e o que é a Escola de Música. E como vostede ben dixo claramente está exposto, non vamos cambiar a nosa postura neste momento. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas a vostede. Señor Ramón, tres minutos.

O sr. Padrón toma a palabra: Nós temos que dicir que neste caso como dixemos antes coincidimos, punto por punto, letra por letra, palabra por palabra coa moción do Partido Popular e neste caso refírese á Escola de Música e a Agrupación Nova Fronteira. A emenda tamén nos parece que é xa máis xeneralista, doutro tipo de..., váise do sentido da moción. Evidentemente estamos coa moción como cando nós presentamos mocións tamén, queremos que se fíxe exactamente nos acordos letra por letra, palabra por palabra. Coincidimos ao cen por cen e segundo a exposición que fixo a Concelleira de Cultura neste caso, parece como se Nova Fronteira fora unha asociación, o sexa, digo o que nos parece a nós, como se fora unha asociación cultural como outra calquera. E Nova Fronteira si, é unha asociación privada, cos seus socios e cos seus estatutos, pero dalgunha maneira é nosa. O sexa, é do Concello. Non en plan como a Escola de Música pero si que é, porque ao fin e ao cabo os nenos que integran a Escola de Música, están en Nova Fronteira. O sexa, vostedes teñen que regular ese, como di aquí na moción, os aspectos funcionais, organizativos e de coordinación para que haxa, como dixo vostede tamén, unha simbiose e iso funcione como un engranaxe perfecto, porque nútrese dos nenos, non pode vostede separar aos nenos da Escola de Música e aos nenos de Nova Fronteira. Son os mesmos. Entón Nova Fronteira é noso, aínda que sexa unha entidade, sobre o papel, privada, e non pública. Entón, débense establecer os mecanismos que permitan esa coordinación e esa simbiose e sen haber problemas que ao fin e ao cabo a quen afectan son aos nenos, aos nenos, que nutren, nutren a Escola de Música e nutren a Banda de Gaitas. Entón, creo que deberíamos seguir traballando nese sentido de colaboración, para que siga sendo un éxito como ata de agora.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. ¿Señora Fina? Señora Ánxela ten vostede a palabra. Tres minutos.



A sra. González toma a palabra: Nova Fronteira efectivamente foi practicamente a primeira entidade cultural que houbo no Concello de Barbadás, e que durante moito tempo fundamentalmente, na Valenzá, era o único ámbito de socialización que tiñan os nenos e nenas cando aquí non había nin sequera un colexio público. Cando moitos tíñamos que estudar en Ourense en moitas ocasións, e había unha escola unitaria. Si señora Chelo, vostede non se acorda porque non é de aquí pero eu son de aquí e recordo porque tiña pouquísimos anos. Ata ese punto estamos de acordo, é dicir, o valor que ten Nova Fronteira na Valenzá e en Barbadás, ninguén o cuestiona, todo o contrario. Ten un valor imprescindible, agora ben, o que non podo consentir eu como Concelleira de Cultura é que se utilice, enténdame por favor o termo, utilice entre aspas e sen ningún valor pexorativo, por supostísimo, aos nenos e nenas da Escola de Música para facer actuacións musicais con outras entidades culturais deste Concello baixo o aparente paraugas da Escola de Música, da Escola de Música ou do Concello de Barbadás. E vouno explicar un pouco mellor. O que non podo consentir é que as nais e os pais da Escola de música, non saibamos cando os nenos e nenas van a actuar se o fan coa banda da Escola de Música ou se o fan con Nova Fronteira, ou con calquera outra entidade que non teña nada que ver coa Escola de Música. Primeiro, porque os pais e as nais teñen dereito a saber onde, con quen e con que motivo están os seus fillos e fillas. Segundo, por unha cuestión de responsabilidade. Cando os nenos e nenas actúan coa Escola Municipal, como no programa de música “Acá e Acolá”, ou cando a Escola colabora coas festas parroquiais, ou en calquera outro contesto nos que a Escola é quen organiza as actividades pois está claro que a cobertura de calquera posible continxencia que se puidera producir durante esa actuación estaría cuberta polos seguros que ten subscritos o Concello. Pero desde logo, nin eu como Concelleira de Cultura e supoño que ningunha persoa que forma parte desta corporación permitiría que os pais e nais pensen que están cubertos, e que non o estean porque non estean baixo o paraugas do Concello e o están facendo baixo o paraugas dunha entidade privada. Por iso a través dos convenios ten que quedar claro, e so a través dos convenios pode quedar claro todo isto. E temos que acordar que as propias entidades teñan un tipo de cobertura para que as nais e pais podamos deixar aos nosos fillos con total tranquilidade en cada actuación. O que non se pode producir é esa simbiose que vostedes nomearon tanto tempo, porque lembran vostedes que xa tiveron que resolver un problema de simbiose entre entidades culturais, asociacións privadas e o ámbito público. E resolvérono cando mandaron marchar ao señor Xusto Calviño que dalgunha maneira se foi baixo, bueno, outros criterios políticos de Baltar. E salvando por suposto todas as distancias neste exemplo que acabo de poñer, pero que é válido no sentido da confusión que se pode chegar a crear a través de simbioses con



entidades privadas sexa cal sexa, por moito valor que se lle dea a Nova Fronteira, que eu llo dou. Eu llo dou persoalmente e como Concelleira de Cultura. De feito, a vontade está clara desde o momento que eu reservo crédito anualmente desde que son Concelleira de Cultura para Nova Fronteira a través,

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten que rematar.

A sra. González toma a palabra: Asinando un convenio con eles, do que estou contenta porque se fixo moi ben e que pretendo que continúe no tempo, pero ben regulado nun convenio, non nunha simbiose.

O sr. Alcalde toma a palabra: Abrevie.

A sra. González toma a palabra: Non nunha simbiose.

O sr. Alcalde toma a palabra: Abrevie, ten que rematar.

A sra. González toma a palabra: Aparte de que sería, creo que ilegal a segunda proposta.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten vostede un minuto.

A sra. Vispo toma a palabra: Vamos ver. O convenio ven desde o Partido Popular, que lle quede claro. ¿Vale? Non é que o acabe

O sr. Alcalde toma a palabra: Ánxela por favor non os interrompa porque se non un minuto prolóngase, eternizámonos nun debate estéril.

A sra. Vispo toma a palabra: Vamos ver. Había unha subvención de 3.000 euros e un convenio que había unhas actuacións ao ano que facía Nova Fronteira, non me diga vostede que non. Segundo, si vostede lee a moción, nós non estamos falando de simbiose, estamos intentando regular, e se traemos esta moción é porque nos preocupan os nenos, con quen van con uns ou con outros. E vostede me fala de concelleira, de responsabilidade, ¿vostede? Vostede, que o tivo que traer o Partido Popular. Home, por deus. Agora que o traemos fáleme vostede de responsabilidade a min. Se vostede non sabían nin onde estaban os nenos en un momento ou en outro. Que o tivemos que delimitar. Non me diga agora que ten responsabilidade, porque isto xa é o nova máis. ¿Vale? vamos ver. Estoulle dicindo que o traemos para que regulen, que non haxa unha simbiose, senón que os nenos que actúan con Nova Fronteira se asocien e teñan seu propio seguro, ¿vale? Dentro de Nova Fronteira. E os nenos que actúa con a Banda Municipal están cubertos por o propio seguro do Concello. O sexa que non me diga vostede, os pais e que nese momento non sabían onde estaban, pero por culpa da Concellería que vostede dirixe, a señora Concelleira, vamos, home por deus. Grazas

A sr. Alcalde toma a palabra: Sra. Chelo, ten que rematar. Votación. Non, se non o dixo. ¿Votos a favor da moción do Partido Popular? ¿Abstencións? ¿Votos en contra?



A sr. Alcalde toma a palabra: Eu creo. Vouno facer constar en acta. Isto é unha intervención da Alcaldía. Eu creo que a sensibilidade por Nova Fronteira queda evidenciada na intervención que fixo a señora Ánxela. O que si queda claro tamén é que hai que delimitar, e iso concordamos todos, hai que delimitar espazos e responsabilidades fundamentalmente. Estou intervindo eu. E responsabilidades, e os pais creo que todos queremos, os pais e nais, creo que todos queremos o que menciona na moción, que haxa unha claridade de onde están en cada momento os nenos e as nenas, e que si ten que quedar claro tamén quen é responsable de cada cousa en cada momento. A votación era votos a favor sete, e en contra oito, creo lembrar, ¿non? Si. Si, Votos a favor, son seis. Seis oito. Si.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitada cos votos a favor do Partido Popular, de Democracia Ourensana, e do Grupo Mixto, e os votos en contra do PSdeG- PSOE e de BNG o seguinte acordo: “ **Moción do Partido Popular para que se regule o funcionamento da Escola de Música.** ”

9. MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR DE BARBADÁS POLA QUE SE INSTA AO GOBERNO MUNICIPAL A CUMPRIR OS ACORDOS ADOITADOS NOS PLENOS.

A sr. Alcalde toma a palabra: Moción do Partido Popular de Barbadás pola que se insta ao goberno municipal a cumprir os acordos adoptados nos plenos. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular. ¿Quén intervén? Ten cinco minutos.

O sr. Fernández toma a palabra: Procurarei incluso ser un pouquiño máis breve señor Alcalde, grazas. A pique de chegar ao ecuador da lexislatura, xa non valen excusas para manter a parálise que o Grupo de Goberno mantén sobre os acordos e mocións aprobadas no pleno do Concello e que se materializa no incumprimento das mesmas. Estas figuras teñen especial importancia no xogo democrático dos municipios e a maioría das propostas buscan ter un impacto directo na cidadanía, e polo tanto melloran e solucionan problemas reais e concretos. As mocións non deben quedar nun bride ao sol nin deben permanecer en papel mollado, e o pleno ten que ser algo máis que unha mera representación da loita partidista. Non queremos ser partícipes do teatro que supoñen as sesións plenarias se en moitos dos casos os acordos non son materializados nin cumpridos. Aprobar unha moción equivale a adquirir un claro compromiso para executar o acordado, pero atopámonos con que



os acordos aprobados polo plenario non se executan. Para elo propoñemos unha serie de acordos que por unha banda evitarían a presentación de mocións tipo que nada teñen que ver coa vida diaria do noso Concello, e dos seus cidadáns, e que resultarían cando menos imposibles de levar a cabo. Por outra, para aquelas que directamente inciden na cidadanía resultan aprobadas abrírlles un camiño e conseguir a súa execución. Queremos respostas, seguimentos e constancias para que se cumpra todo o acordado nos plenos. Non podemos permitir que as mocións anteriores aprobadas se perdan no limbo democrático do Concello. Pare elo propoñemos unha serie de acordos, que os invito a que os valoren. Cada moción aprobada iniciaría un expediente de tramitación administrativa que garanta a viabilidade económica, competencial e xurídica da proposta concreta plantexada nas mesmas. Se non é viable, pois expediríase un informe técnico argumentando a non viabilidade e que se exporía no seguinte pleno. Creación dunha mesa de seguimento das mocións para controlar o seu cumprimento. A Mesa deberá definir e aprobar o cronograma do cumprimento das mesmas. Estará integrada polos voceiros e voceiras de cada partido e a periodicidade das reunións será cando menos trimestral, estamos abertos a outras propostas. Permitirá e solicitará o asesoramento dos colectivos afectados polos acordos, se resulta necesario. E impedirá que as disposicións finais non respondan aos obxectivos plantexados nas mesmas. O Goberno Municipal deberá emitir un informe semestral, tamén estaríamos abertos a outra proposta en canto ao tempo, informando sobre o grao de cumprimento sobre os acordos aprobados nos plenos. As mocións aprobadas no pleno incluíriáanse por suposto, como xa pedimos algunhas outras veces, na páxina web do Concello, e cando dispoñamos no portelo da transparencia, incluílo nel para garantir o seu cumprimento. Constarán as distintas fases, como tamén habíamos dito do proxecto que se aprobe, a previsión de execución, a súa consignación orzamentaria e as incidencias que puideran ir xurdindo ou prodúcense para a normal execución. Deberase, isto tamén é moi importante, que as asociacións ou colectivos de cidadáns interesados nelas, poidan solicitar por medio dun simple formulario a información sobre o grao do cumprimento íntegro ou parcial da moción. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas a vostede. Señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: A diferenza coa moción que presentaron antes, que era unha moción moi concreta, e para facer un regulamento e aprobose esa moción, polo tanto o Goberno ten que tomar nota e tratar de facer un regulamento no que se,

O sr. Alcalde toma a palabra: Non se aprobou

O sr. Padrón toma a palabra: Ah, bueno, é verdade. Perdón, pensei que se abstiveran. Bueno, pois non se aprobou, xa nada. Xa poden facer o que queiran. Bueno, si se houbera aprobado pois terían que



facer ese regulamento, unha cousa moi concreta e non ten un custe para o Concello nin ten nada. O sexa, non hai ningún tipo de escusa para que se realice. Este tipo de moción, presenta un montón de acordos, claro, moitos destes acordos nós non estamos, creo que son irrealizables, e logo que tampouco estaríamos nós dispostos a unha mesa de seguimento. Si estamos de acordo, si vostedes retiran o primeiro, segundo, terceiro e cuarto acordo, as mocións aprobadas no pleno incluíranse na páxina web do Concello e cando dispoñamos do portelo da transparencia, incluílo nela para garantir o cumprimento ou parte do mesmo. E logo, o punto cinco tamén, deberase permitir que as asociacións, colectivos ou cidadáns interesados podan solicitar por medio dun simple formulario información sobre o grao de cumprimento íntegro ou parcial da moción. Efectivamente nós estamos de acordo con eses dous puntos si o Partido Popular retira o resto dos puntos, estaríamos de acordo en aprobar a moción. Nós entendemos a moción, entendemos a moción como instancias aos gobernos sobre propostas concretas e realizables. Nós desde que estamos aquí, sen experiencia ningunha ademais, levamos presentado trinta e dúas mocións ata o de agora. Sabemos que algunhas delas non son realizables ata o cen por cen do que presentamos pero outras moitas, e si se miran os acordos, si que son realizables e ultimamente, as que levamos presentado ultimamente, e aprobadas, si que o Goberno se porá a traballar nelas. Incluso as que non se aproban, porque son ideas, que son liñas de traballo, que aínda que non se aproben porque na moción non está exactamente como lle gustaría ao Goberno, si que son liñas de traballo polas que tirar. Hai que recordar segundo o regulamento

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten que rematar señor Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Regulamento do Concello, que as mocións son pronunciamentos sobre a necesidade de iniciar actuacións con unha ou máis finalidades determinadas, declaración de ideas ou de sentimentos meramente políticos, respecto a un problema que se considere que afecta. Ben, está na, pero bueno eso no próximo minuto.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten unha segunda intervención. Señora Fina.

A sra. Varelas toma a palabra: A moción ten unha parte importante baixo o meu punto de vista e é que moitas das mocións que se presentan aquí no Concello, penso non moitas, non, penso que todas veñen con bo fin e moitas pódense realizar. É ben certo que algunhas que presentamos son inviables, entón eu o que pediría tamén, inclúome eu porque non son máis listas ca ninguén, traer mocións, estudalas nós antes de traelas e ver que son viables, porque traer unha moción sabendo de antemán que non se pode facer ao mellor por falta de diñeiro, por exemplo, vamos a ver un caso máis adiante nunha moción, é unha tontería, porque penso que é facernos perder tempo e eu penso que aquí non



estamos para facer un paripé nin para pasar os minutos nin as horas. Con ese punto concordo de que as mocións que son viables levalas a fin. Tamén é certo que, o que dixen antes, hai moitas mocións que por moito que se queiran coller non hai forma de facelas. Hai outras mocións que veñen, con fins de debate o cal tampouco estou moi de acordo, debater cousas para non chegar a ningún punto en concreto, tamén non estou de acordo con iso. E non sei que máis dicir desta moción, porque é que como fala de tantas cousas. O que está claro un seguimento, un seguimento da moción, penso que é o noso traballo da oposición, somos a voz das persoas que nos votaron ata das persoas que non nos votaron, expoñer as cousas que se poden facer, facer un filtro antes de presentalas e seguimento penso que é estar traballando todo o tempo no mesmo. Penso que hai que traelas con cabeza, expoñelas e aprobar as que se queiran facer, porque estou vendo que se están aprobando moitas mocións que despois xa non se materializan, e iso a min en concreto pois desilusiónanme, como a min a os outras compañeiros. Eu teño presentado algunhas como a protectora de animais, ao final aprobouse por todo e nada, e non temos absolutamente nada. Os pobres animais seguen coa mesma calderilla que tiñan. Entón eu, bueno, eu falo por min, gustaríame que se eu presento algunha moción que é inviable, que non me a aproben porque queda bonita aprobala, prefiro que se non a van a facer que non ma aproben porque polo menos non me fago ilusións nin lle fago ilusións a veciños. Entón temos que traballar un pouco todos os que estamos aquí, en ser máis realistas e máis coherentes co que votamos. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas a vostede. Ten tres minutos.

O sr. Fírvida toma a palabra: Pois a mín gustaríame empezar concordando plenamente como que acaba de dicir a Concelleira de Democracia Orensana, que as veces nos vemos nun trance, que é o seguinte. Hai mocións que se presentan con carácter positivo e que todos apoiamos plenamente porque o consideramos que son moi positivas para o Concello e o que che pide o corpo é aprobar esa moción, porque consideras que sería algo moi positivo para Barbadás, pero que despois cando a intentas levar á práctica, atópaste con moitas dificultades. Con dificultades orzamentarias primeiro, de prioridades. Vostede acaba de citar a axuda aos animais, pero podería haber moitas outras cousas que ao final os diñeiros son os que son, intentas priorizar e tamén pois en administración, as trabas administrativas as veces son tan grandes que non nos permiten executar todo o que se aproba nos plenos, e as veces tamén por materias competenciais. Eu lembraba o outro día que aprobamos unha moción para o comedor do colexio público, o CEIP O Ruxidoiro para que fose un comedor onde se fixese alí a comida, que non houbera catering, e todos concordamos, todos os deste pleno concordamos, sen embargo é unha competencia autonómica, que depende da Xunta de Galicia. Nós o



que podemos é emitir un dictamen do pleno acordando que nos gustaría que houbera un comedor público, aínda que xa sabemos que a Xunta nunca o vai facer. Despois hai outras mocións que se aproban e somos conscientes, algunha moción do Partido Popular como aquela autovía que querían facer atravesando todas as Lamas e non sei cantos carreiros, o mega aparcamento do centro de saúde, era absolutamente irrealizable desde o punto de vista urbanístico e canto máis orzamentario. Imaxinen vostedes que nos la chegan a aprobar, porque son nove, sería posible executar esa moción. Esa é a realidade. Pero despois ímonos ceñir nos acordos que nos plantexa o Partido Popular. Primeiro acordo, eu concordo co señor Ramón, que cada moción iniciada aprobará un expediente de tramitación administrativa que garanta a..., o sexa, vostedes o que pretenden é bloquear o servizo de secretaría deste Concello. Evitar que as funcionarias podan traballar en cousas realmente importantes, si xa sei que me vai saltar co de turismo, salte, díga, díga. Pero xa llo digo eu, o de turismo é imprescindible para abrir un museo e ter un turismo de calidade neste Concello, vostede diga o que queira. Pero desde logo o que non podemos é abrir un expediente de tramitación administrativa, co que leva iso, de informes e de tramitación que imposibilitaría os servizos de administración, si xa están colapsadas, si xa lle damos moitísimo traballo que hai días que se teñen quedado ata as tres da tarde a traballar, canto máis si cada moción si cada cousiña que se aproba, que non se aproba, abrimos un trámite administrativo. Non farían outra cousa. Despois din, segundo punto, creación dunha mesa de seguimento das mocións... Vostedes aquí queren inventar o que non está inventado. Díganme vostedes un goberno, un concello onde governe o Partido Popular ou calquera outra formación política que teñan esto. É dicir, que cada..., vostedes xa teñen todos os instrumentos xurídicos na súa man. Úsenos, infórmense e úsenos, pero non nos digan que veñen ao pleno con propostas que as aprobamos ou non se aproban e despois temos que facer toda unha tramitación, comisións de seguimento, xa quixeron facer un pleno do debate do estado da nación en Barbadás, agora queren comisións de seguimento.

O sr. Alcalde toma a palabra Ten que rematar, xa se escedeu incluso que me despistei eu.

O sr. Fírvida toma a palabra: Pois sigo na próxima intervención

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten vostede a palabra.

O sr. Fernández toma a palabra: Grazas señor Alcalde. Vamos a ver. Señor Fírvida, quen o vía aquí abaixo hai uns anos e quen o ve agora. Non hai mellor dito que se queres coñecer ao teu veciño dalle un carguiño. Á vista está. Vamos a ver. Claro que lle vou soltar o do Museo da Gaita de Fole, por suposto. Estamos privando a este concello de contratar a persoas de apoio en servizos que están



colapsados e que teñen que collerse baixas médicas, eh! E agora dinos e ponnos como escusa á carta comodín noutras propostas que levamos presentado. Á carta, como din, falla de persoal e sobrecarga nas áreas do Concello primordiais. Esa é a escusa, despois, un administrativo para o CET. Mire, sabe cantas veces entrei eu no CET o ano pasado onde estaba a administrativo, e de verdade fai un traballo encomiable ou facía un traballo encomiable. A min, de verdade metíase connigo ver a esa persoa sen sobrecarga de traballo podendo facer moitas cousas e chegar ao Concello e a nós negarnos información e documentación por colapso nestas áreas. É vergoñento o que está dicindo. Mire, precisamente, a moción que traemos hoxe é para iso, para evitar que traigamos mocións tipo e propostas que nada teñen que ver coa cidadanía, pero mire, non hai mellor cousa ca ler as propostas aprobadas moitas delas por unanimidade no que vai de lexislatura, e despois vaime dicir se son viables ou non, e moitas delas entendemos que si, que abrir un expediente é un trámite administrativo, suporía pois si, certo colapso. Voullas ler, si para refrescarlles a memoria tanto á xente do público como a vostedes. Implantación da rede wifi nos locais sociais dos pobos. Cambio de ubicación para a venta do bonobús, ¿recórdase señora Fina Varelas?, seguimos no mesmo sitio. Acollemento de persoas refuxiadas da guerra. Sinalizacións, señor Ramón, de pozos, pozas e minas. É curioso, verdade?, Terreos do campo de fútbol de Parada de Piñor. Sistema de peche de patios de colexios, señora Fina, ¿lémbrese? Creación dun acceso a autoestrada desde a Valenzá. Recuperación da praza do Pumar, gustaríame que estiveran aquí as veciñas de Bentraces, e aparcadoiro. Nada de nada. Problemática na gardería municipal. Mellora da páxina web do Concello. Taller de encontro para eles, señor Ramón. Así e así. Posta en funcionamento da cociña do Ruxidoiro. Mellora da visibilidade dos pasos de peóns. Mellora no servizo de axuda no fogar, peor ca nunca señor Núñez. Cumprimento da carta Europea das linguas rexionais e minoritarias. Creación do centro de día de Barbadás ou esas prazas que nós propuxemos e saíu aprobado. ¿Onde está? ¿Onde está ese servizo? Correcta identificación dos vehículos do Concello, poñerlle uns escudos e que poñan Concello de Barbadás, para evitar que non se saiba onde están os obreiros moitas veces. ¿Vale? Nada de nada. Simplemente un simple rolo. É que ata aí nin chega. ¿Vertidos? Hai que previr, por sacar dos vertidos eu pódolle numerar nun mapa de Barbadás hoxe corenta vertidos, calculados. Si, coñeces moito o teu Concello, si, Informe sobre os arranxos das piscinas que pedía o sr. Padrón, ¿onde están? Local para a protectora de animais, señora Fina. Mellora na seguridade viaria. Mellora no acceso no parque de empresa a Bentraces. Informar sobre os estados das mocións. Mellora da fiscalidade. Así, así, follas e follas. Cousas viables e non fan absolutamente nada. Dan pedal, pero dan pedal sen cadea. Moven moitísimo



as pernas pero non avanzan. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten vostede, non non. Señor Ramón, ten vostede a palabra.

O sr. Padrón toma a palabra: Vamos a ver. Vólvolle repetir, se retiran o punto un, dous, tres, eu apróbolle a moción. O carto e o quinto estamos de acordo. No despois, é igual. Iso referente á moción. Despois, señor Fírvida, deixe de empregar o tema do Ruxidoiro, porque a nosa moción era moi concreta, era instar á Xunta de Galicia a que abra ese comedor. Hai que gastar 30.000 en electrodomésticos e logo que a Xunta poña un cociñeiro e un axudante. Pero o Concello tenllo que estar recordando todos os días á Xunta de Galicia para que o fagan e vostedes, o goberno comprometeuse a iso. Era moi concreta. Non estaba dicindo que había que abrir o comedor do Ruxidoiro. Léanse os acordos das mocións. O que poñen os acordos, ¿entende señora Fina? Hai que ler os acordos. E logo, vostede que xa leva aquí moito tempo sabe que hai modificacións de crédito durante o ano e o goberno fainas, deixese de dicir que non hai cartos, claro que hai cartos, o asunto é onde se gastan os cartos, porque ao goberno cando lle interesa cambiar o diñeiro dunha partida para outra, cámbiao sen problema ningún. E dentro da mesma área non fai falta que veña ao pleno. Ven ao pleno cando cambia dunha para outra. Entón deixe de dicir iso porque xa leva aquí tempo para sabelo. E logo despois, nós presentamos mocións porque presentamos cousas prácticas que a cidadanía está demandando. Se o goberno as quere facer ou non as quere facer é o seu problema, xa lle dirán os cidadáns dentro de dous anos, cando se presenten se o fixeron ben, co seu voto ou se están contentos ou non. E nós tamén colaboramos, nós neste caso, porque nós votamos a favor deste, para que estivera este señor de alcalde, cun pacto de goberno con outro grupo que está aquí, nós colaboramos para iso, vostede non, nin o grupo que ten detrás, nos si, e facémonos responsables, pero tamén esa colaboración, nós tamén ímola analizando paso a paso, ¿entende? Cando vexamos que non, que esa colaboración non é correspondida, non fan caso das nosas mocións que presentamos concretamente, pois decidiremos ao mellor facer posición frontal, ¿entende? Pero nós somos coherentes co que facemos, e sabemos que non nos van cumprir o cen por cen das mocións, o que pedimos é que se traballe no que nós traemos aquí, e nada máis. Logo despois os cidadáns valorarán o traballo duns e doutros. E nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Señora Fina.

A sra. Varelas toma a palabra: Eu tíñame que rir porque o señor Padrón está hoxe moi gracioso. Vamos a ver señor Padrón. Non repita o que xa sabemos todos. Que vostede apoiou ao goberno. Eu non lle dixen nada diso, eu simplemente digo que algunha moción, como a seguinte que vamos a ver,



unha das súas, onde pide unha loucura, para min unha loucura, porque mire, claro que se pode facer modificacións, claro que si, mire, señor Padrón estou na miña quenda. Claro que se poden facer modificacións, pero vostede o primeiro ano aprobou os presupostos sen lelos, sen lelos. Vostede é o que máis lle pode esixir ao goberno, que lle cumpran ou non lle cumpran as súas mocións, sabe por que? Porque vostede fixo un pacto por escrito do que quería. Eu non fixen nada. Eu apoios sen pactos cando me gustan as cousas que propoñen, eu non vou con pactos nin con tonterías. Sempre dixen e son moi clara que apoio aquelas mocións que me gustan, e as súas pide loucuras. ¿Qué quere que lle diga? Vamos a ver. O diñeiro é o que hai. Vostede mire o que nos dan e mire os gastos fixos que temos e mire o que nos queda. A ver, eu incluínome antes cando falei, incluínome que eu ao mellor tamén podo presentar mocións cunha finalidade boa, pero non haber diñeiro, entón o que temos que facer todos un pouco, é ser un pouco máis cabales. É dicir, vale, esta moción ¿é boa? Hai o diñeiro para facela? Pois vouna presentar se temos recursos. Se non é unha tontería que perdemos moitas veces o tempo. E vostede ten que sentirse así, porque se non se sente así dígame, cantas mocións súas saíron aprobadas ¿señor Padrón? Dígame. Hai moitas mocións que saíron aprobadas e non se fixeron. É certo o que di o PP. E que hai moitas que son inviables. Entón eu o que lle pido ao Goberno, mire, si ven mocións que non se poden facer, que non inviables, que non as aproben, que non voten e que nos digan pois non, mira, non hai diñeiro, e a realidade pero con números. Non que digan que non hai diñeiro porque si, senón con números. Dicirnos, mira, a moción está ben pero non hai diñeiro. Para que vamos a aprobala, para que nos vamos a dicirlle á xente, presento unha moción, vamos conseguir isto e ao final non. A ver, somos todos responsables do que facemos. E vostede é o maior responsable porque foi o que os apoiou entón non lance merda por aí aos demais. E so lle estou dicindo que as súas, vai co colexio, co comedor do colexio, non é competencia do Concello, que lle vai poñer o Concello a cociña alí, cando non é competencia. ¿Vostede non oe cando din as cousas? Ou hai que llas por escrito, non sei, vamos.

O sr. Alcalde toma a palabra: Eu creo que debemos sosegar o debate, e utilizar algunha palabra... Pódese dicir o mesmo doutro xeito. Por favor, estou intervindo eu. Creo que pódese dicir o mesmo. Xa está Fina. Rematou o seu tempo. Ten a palabra o señor Fírvida. Eses chascarrillos despois rímonos todos fora. Veña, por favor,

O sr. Fírvida toma a palabra: Bueno, pois por ir rematando. Moitas das mocións que acaba de dicir o señor Manuel, moitas delas son irrealizables, primeiro, ou por falta de orzamentos, hai que ser realistas, ou por faltas de competencias municipais. Moitas desas. Pasa que vostede trae aquí un



listado e empeza a detallar aquí cousas así, sen ton nin son. É moi fácil, é facer un resumo de todos os plenos, eu tamén podía facer o mesmo, eh!. Teño todos os plenos aí gardados, traio as mocións, cales fixemos, cales non. Mire moitas desas que vostede está dicindo, en algunhas aínda estamos traballando nelas para intentar convertelas en realidade. Hai impedimentos, hai cuestións legais que nos impiden realizalas. Outras porque hai que ir priorizando. Señor Ramón, di vostede que facemos modificacións de crédito, si, porque nolo permite a lei. E sempre que facemos unha modificación sempre o facemos, con informe favorable da Secretaría e de Intervención. Non, non, porque da a sensación oíndoo falar a vostede que aquí facemos cos cartos do Concello o que nos peta. Facemos modificacións de crédito... Si vostede intervén, é a miña réplica. Si facemos modificacións de crédito é, primeiro, porque vemos que nos sobra diñeiro nunhas partidas que en lugar de quedar ociosos podemos utilizalos en outras partidas. Iso é o que significa unha modificación de crédito. ¿Parécelle a vostede mal?. Bueno. Pois iso é unha modificación de crédito. Iso é, coller o diñeiro que sobra nun lado e gastalo noutro sitio máis útil, máis necesario. Non sei a que se refire vostede porque xa vai varias veces que ten citado neste pleno as baixas médicas. Si, algún día nolo explicará. Eu entendo que cando un traballador, unha traballadora está de baixa médica, porque hai un profesional da sanidade, un médico, unha médica, que lle da unha baixa porque ten unha enfermidade, ¿vale? Ou nos quere culpabilizar a nós de algo. Dígao, dígao, dígao claramente. Non ande con subterfuxios.

Dígao, dígao claramente a ver se nos entendemos todos. Dígao que queira, pero dígao claramente. E no CET, as traballadoras do CET traballan, non sei que ven a dicir vostede que cando vai polo CET, están alí a facer non sei que. Mire, non llo consinto. As traballadoras do CET traballan. E fan un traballo excepcional. Entre outras cousas, porque neste Concello se está traballando en promoción económica e en formación de desempregados que dixo antes a súa compañeira, que se lles capacita con algún título, para poder optar a un posto de traballo. O primeiro que fixen, o primeiro fíxese vostede, o primeiro que fixen cando cheguei a este Concello foi cambiar a formación que tiña o Partido Popular. ¿Sabe por qué? Porque a de vostedes non valía para nada e eu dixen, polo menos os postos de traballo que ofertamos no Concello de Barbadás, a xente que se forma no Concello de Barbadás que teña formación para optar a eses postos de traballo, e se está cumprindo.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten que rematar. Ten Manuel un minuto de intervención sen réplica.

O sr. Fernández toma a palabra: Celga, celga, formación, que mo están recordando. Sí, si, si, o Celga 1. Iso vale e cualifica para optar ao posto de traballo. Agora estou intervindo eu.

O sr. Fírvida toma a palabra: Isto é indignante, a xente que non ten formación que está en risco de



exclusión social e necesita formación básica para optar ao centro de traballo, entre eles o Celga 1. ¿Qué pasa? Non todo mundo pode ser médico. Hai xente que ten o Celga 1 e o Celga 2. ¿Por qué non? ¿Porque non podemos preparar á xente no Celga?

O sr. Alcalde toma a palabra: Manuel, ten que intervir vostede.

O sr. Fernández toma a palabra: Utilice vostede o tempo. Remate.

O sr. Fírvida toma a palabra: Qué elitismo. E logo non podemos formar á xente sen estudos.

O sr. Alcalde toma a palabra: Xosé Manoel, non podemos entrar nun debate de galiñeiro.

O sr. Fírvida toma a palabra: Pero que di, pero que di

O sr. Alcalde toma a palabra: Rematen xa.

O sr. Fernández toma a palabra: Remato se me deixa.

O sr. Alcalde toma a palabra: Non, non, non o digo por vostede. Dígoo por eles. Manuel. Prosiga, ou empece mellor dito. Empece

O sr. Fernández toma a palabra: Bueno, insisto señor Fírvida, non lle vou a entrar ao trapo sobre as traballadoras do CET, quedou bastante claro como o expliquei. Tamén quedou bastante claro o que dixen das baixas laborais, tamén o dixen. Tamén dixen nunha moción anterior que era o que estaba pasando coas contratacións do persoal laboral deste concello. Primeiro contratacións de ETTs, ben, enténdenme todos perfectamente co tema das ETTs.

O sr. Alcalde toma a palabra: Señor Manuel, perdoe está intervindo el. Eu creo que está sendo claro coa súa intervención. Non fai falta que vostede o remate.

O sr. Fernández toma a palabra: Ben, despois estamos contratando a persoal fora do concello, cando hai vías legais para primar a xente que vive aquí e está aquí empadroada. Díxenllo. Incluso estamos contratando a xente que ten que deixar un posto de traballo para vir ao concello por o motivo que sexa, e incluso llo dixen e llo volvo recordar que hai solapamento de altas de autónomos con contratos do Concello. Aí o deixoo, iso grabe. Ben, señor Padrón, eu de verdade agradézolle a súa proposta de retirar os puntos 1, 2, 3 e deixar o 4 e o 5, pero mire, se deixamos soamente o 4 e o 5, dígolle con toda a sinceridade, non vamos facer absolutamente nada. Vai quedar a proposta como unha proposta máis de todas estas que lle trouxen eu antes aquí. No limbo. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. ¿Votos a favor da moción? ¿Votos en contra? ¿Abstencións?



Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitado cos votos a favor do Partido Popular, os votos en contra do PSdeG-PSOE, BNG, e Grupo Mixto e coa abstención de Democracia Ourensana o seguinte acordo: “ **Moción do Partido Popular de Barbadás pola que se insta ó Goberno Municipal a cumprir os acordos adoitados nos Plenos.**”

10. MOCIÓN DO GRUPO MIXTO SOBRE A INICIATIVA PARA A CREACIÓN DUN PUNTO LIMPO SUPRAMUNICIPAL

O sr. Alcalde toma a palabra: Moción do Grupo Mixto sobre a iniciativa para a creación dun punto limpo supramunicipal. Ten a palabra o sr. Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: (non se oe) un convenio da FEGAMP, oíu. Bueno, ben, simplemente era para recordarlle que para algo, para algo vale. Non estábamos tan mal encamiñados, que se aprobou hoxe, que aprobou vostede ademais. Con relación á moción. Nós traemos esta moción porque ao mellor vostede non anda polo Concello. Oia, estou no miña quenda, non lle estou faltando. Non, porque refírese que as mocións non valen para nada.

O sr. Alcalde toma a palabra: Fina por favor está intervindo el.

O sr. Padrón toma a palabra: Nós traemos unha moción porque ao mellor vostede non anda no concello, isto é unha realidade. A nosa obriga na oposición é de propoñer e traer traballo ao goberno para que traballe nestas cuestións. Entón, nós damos a nosa opinión o goberno despois acepta ou non acepta, ou aínda que acepte farao na medida do posible ou non. E os acordos son moi concretos sempre, non son irrealizables, son moi concretos e se non míreos e léaos. Ben, vou a ler a moción e así saímos de dúbidas.

Ante a falta de actuacións para a solución definitiva do problema dos verquidos de escombros e outros restos que proliferan polo noso concello, vémonos na obriga de presentar unha nova moción sobre este punto que consideramos que se debe resolver dunha vez por todas e non perpetuarse indefinidamente no tempo. No pleno do mes de maio de 2016 presentamos unha moción para a creación dun punto limpo municipal. Non vamos a repetir de novo os motivos daquela moción pero si os acordos, Instar ao Grupo de Goberno a elaborar un plan sobre a importancia do reciclaxe, non se fixo. Invitar aos colectivos veciñais a aportar as súas achegas, e creación dun punto limpo por parte do Concello para solucionar o problema dos verquidos incontrolados.



A resposta do Grupo de Goberno a estas propostas foi negativa, escusándose na falta de cartos dispoñible aportando unha emenda para pasarlle a pelota á Xunta de Galicia, para o estudo e posterior creación dun punto limpo comarcalizado. A día de hoxe, seguimos igual ou peor. ¿Hai algunha iniciativa ao respecto?, non que nos saibamos. O problema segue aí. Mostra delo é a última moción presentada polo Partido Popular no mes de decembro de 2016 para erradicar os verquidos incontrolados do noso municipio. Hoxe aínda hai un verquido detrás dun cartel de entrada ao concello dos novos que se colocaron, que o cartel di Barbadás quéreo, víveo. Ao pasar o cartel, está o verquido alí e xa leva alí tres semanas. Alí se expoñía unha serie de medidas que moitas delas xa se levan a cabo, como é o tema da vixiancia, das denuncias aos infractores aínda que estas sexan difíciles de localizar polo apartado dos lugares e a súa orixe veña dende outro lugar fora do noso concello. Ben, a moción aquela referíase simplemente aos verquidos. Sen embargo, nós consideramos e así o defendemos que o feito máis efectivo é a creación dun punto limpo. Xa que este punto limpo é irrealizable por parte soamente do concello de Barbadás, propoñemos ao Grupo de Goberno, outra solución. Que se inicie inmediatamente contactos necesarios con concellos limítrofes de Toén e a Merca, para que esta infraestrutura poda ser unha realidade. O concello de Ourense ten o seu propio e ademais está a carón de San Cibrao das Viñas.

Polo tanto o acordo é: instar ao Grupo de Goberno a iniciar inmediatamente os contactos necesarios cos gobernos municipais de Toén e A Merca, contactos, para a posta en marcha dun punto limpo onde se podan recoller residuos de todo tipo: electrodomésticos, pilas, baterías de coches, radiografías, roupa, calzado usado, lámpadas, aceite vexetal, aerosois, sprais, escombros e medicamentos.

E segundo punto dos acordos, informar aos grupos municipais do resultado destas xestións no prazo de tres meses.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Señora Fina, ten a palabra.

A sra. Varelas toma a palabra: Señor Padrón. Sei ler e vostede explicouno moi ben, eh! Sei ler e vostede explicouno moi ben. Cando lle dicía de mocións inviables non me estaba referindo precisamente a esta. Na seguinte, na seguinte, explicareille por qué. Vamos ver. Está claro que vostede non vai traer todas inviables, algunhas traeraas boas supoño que coma min e coma os outros partidos. Agora, que hai algunhas que válgame deus. Bueno, non imos entrar nese motivo. Esta moción, bueno, paréceme ben. O outro día na comisión informativa, xa nos informaron de que o goberno estaba tendo, creo que foi Victoria, que nos informou que o goberno xa estaba tendo reunións, en concreto dixo que con Toén, pero coa Merca que non, que era con outros. Entón bueno, que sigan por esa liña, si se pode



facer un punto limpo nós vamos estar de acordo, señor Ramón. Non entendo porque pensa que lle ía dicir a esta que non precisamente. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas a vostede. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

O sr. González toma a palabra: Moitas grazas señor Alcalde. Estamos moi de acordo coa moción de don Ramón Padrón, pero parécenos que se pode ampliar por iso propoñemos unha emenda in voce de ampliación. A partir do segundo punto que plantexa don Ramón, queríamos propoñer se é posible, Terceiro, por en marcha experiencias piloto de reciclaxe en materia orgánica, especialmente nos pobos. Esta materia convertese en compós e serve para xardíns, plantas ornamentais, etc.

Cuarto, descentralizar a recollida do punto limpo con contedores nos pobos e barrios que xa propuxemos no seu día. Cando, lémbrolles a vostedes, que cando o PP gobernaba había contedores de obra que funcionaban moi ben. Recuperalos.

Quinto, establecer un convenio coa Xunta ou Deputación para facer campañas educativas e sensibilización a cidadanía.

E por último, Sexto, moi curtiño, control exhaustivo dos verquidos incontrolados como xa propuxemos no seu día, e que sigue pendente de rematar polo bipartito de Barbadás como tantas e tantas e tantas outras cousas. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas a vostede. Ten a palabra a señora Victoria Morenza.

A sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Boas tardes a todas e a todos. Podemos empezar por o tema dos verquidos incontrolados.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten tres minutos o sexa que axilice, porque sei que vai dicir moitas cousas.

A sra. Morenza toma a palabra: En primeiro lugar dicir que temos xa xestións e iniciamos contactos xa en xuño de 2016, xa se visitou a planta da Guarda que é unha das pioneiras en Galicia, que ten un custe cero, e dicir tamén que a nós unha das cousas que máis nos preocupan son os restos forestais e non nos veña dando o Partido Popular leccións de compós, porque vostedes tiveron durante décadas, décadas, este tipo de composteiros ao aire libre en Piñor. Estivemos hai unhs días erradicando catro vertedoiros en diferentes puntos de San Lorenzo de Piñor un pobo totalmente abandonado neste sentido, se coñecemos o noso concello. Os que o Partido Popular plantexou no pleno no que trouxeron unha moción xa foron erradicados practicamente na súa maioría. O vertido do que fala o compañeiro Ramón, foi avisado o Seprona, porque nós tivemos unha reunión co Seprona e é o



que nos aconsella. Non podemos estar continuamente erradicando, non podemos ter unha brigada so erradicando vertedoiros. Evidentemente avisamos ao Seprona, temos constancia e seguiremos actuando nese sentido para erradicalo. Os operarios municipais recolleron hai dúas semanas 1.120 quilos, creo recordar de lixo en diferentes puntos, no Fonsillón e nalgún outro pobo, que non lembro agora. Entón, non nos dean leccións de medio ambiente e teñan en conta que se deron moitos pasos nestes dous anos, entre eles a campaña de posta en funcionamento de colectores de pilas que se acaban de poñer nos locais sociais e nos diferentes puntos, colexios, gardería e oficinas municipais. E teñen que saber tamén, por se non o sabe o concelleiro de Compromiso por Barbadás que a posta en marcha dun punto limpo ten un custe de 300.000 euros aproximadamente. Necesitamos unha posta a disposición dos terreos. Evidentemente nós estamos dispostos a falar con todos estos concellos, tamén con Castrelo de Miño ou intentan conveniar con Ourense ou con San Cibrao onde xa existen puntos limpos. Dicar tamén que a Deputación, nalgúns outros casos si axuda aos concellos. O Concello de Barbadás no tema dos vertidos incontrolados pediu auxilio á Deputación Provincial e lle foi negado do deputado responsable ao concelleiro de medio ambiente Rafael Sierra. E bueno, que o Concello de Barbadás e os concellos limítrofes somos dos poucos abandonados neste sentido. Vostedes tiveron moitos anos para pedir un punto limpo, para solicitalo, para xestionalo, non o fixeron, non nós dean leccións. Nós estamos facendo os nosos deberes, así o podemos demostrar, coa campaña de erradicación de catro importantes vertedoiros. Un deles era unha acumulación de residuos forestais que chegaban mesmo aos cables do tendido de telefonía. Iso era verdadeiramente vergonzoso. Está aí. Aquí temos as fotos. Emitiremos un informe se fai falla. Evidentemente ímolo colgar na páxina web. Non podo facer fotos para todo o mundo, porque isto ten un custo. Isto é o de antes e isto é o despois. Evidentemente como vamos a publicar nas redes, terán á disposición. Había incluso restos de amianto que tiveron que ser recollidos por unha empresa especializada.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten que rematar, ou remate.

A sra. Morenza toma a palabra: Rematei.

O sr. Alcalde toma a palabra: Tócalle despois un minuto na seguinte intervención. Ten vostede a palabra señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Perdoe que me dirixa a vostede outra vez. Vostede pode votar o que queira. Vote, pode votar en contra, mire, pode. Vostede pode votar en contra que saímos tan amigos por aí. Vostede pon os seus argumentos e punto, e nada máis. Mire, bueno, eu vou ao sentido da moción. Volvo repetir. Instar ao Grupo de Goberno a iniciar inmediatamente os contactos necesarios



cos gobernos municipais de Toén e A Merca para a posta en marcha dun punto limpo. Informar aos grupos municipais do resultado desta moción no prazo dos tres meses. Aceptamos a emenda do Partido Popular no tema dos compós nos pobos, retiren o dos contedores para o escombros polos pobos, porque se non vamos a encher os pobos de, xa están bastante cheos de contedores para o orgánico, para o plástico, para os cartóns, para os vidros, entón non vamos a meter máis, para iso estaría o punto limpo. Si que o dos compós sería unha boa idea que en cada pobo houbera nunha zona, sobre todo cerca de onde está igrexa, porque é onde máis se tiran flores, se tiran cousas desas, os cemiterios están en sitios apartados e si que nos parece unha boa idea porque xa queríamos propor pero bueno, son tantas cousas que queríamos propor, pero bueno vánsenos pasando. Os de compós en cada pobo sobre todo nas zonas dos cemiterios ou das igrexas. Entón si retira o dos contedores dos escombros, aceptámola. O convenio coa Xunta e coa Deputación, iso vai ao fío de que si se chega a un acordo, se é posible, claro, iso terannos que dar a, informar o Grupo de Goberno sobre esa xestión, entre Toén, A Merca, Barbadás, simplemente porque somos os concellos que pegamos uns cos outros, sempre se podería buscar unha vez conseguido ese acordo, axuda da Deputación e da Xunta de Galicia para construír ese punto limpo. E logo control exhaustivo tamén o aceptamos. Cónstanos e valoramos positivamente o traballo feito desde a Concellería de Obras na erradicación, como falou antes a señora concelleira deses vertidos. Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Señora Fina Varelas, é a súa quenda.

A sra. Varelas toma a palabra: Pois a miña quenda, vou deixar ao señor Padrón un pouco porque parece que estamos aquí eu e el solos. Nada aquí, a moción, pois volvo dicir o que dixen antes, o que pasa que bueno, tamén pode estar aberto non so A Merca. De feito a señora Concellera tamén nos dixo que estaba Castrelo de Miño. Aquí o obxectivo é ter un punto limpo. Non vamos a escoller con que concellos e con quen non. O que está claro é que bueno, que sigan traballando nesta liña, e unha cousa importante é que nos teñan informados á oposición para ver como están as cousas máis que nada por se algún veciño nos pregunta saber que responder. Nada máis. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Manuel, voceiro do Partido Popular.

O sr. González toma a palabra: Grazas señor Alcalde. Entón sería o punto catro o que non aceptaría, os outros si. Entendo, o de descentralizar a recollida nun punto limpo e de poñer os contedores. Eran os contedores que había antigamente, o terceiro, leoa outra vez

O sr. Padrón toma a palabra: E o control exhaustivo, iso é o que lle



O sr. González toma a palabra: ¿E o carto non? O dos contedores en cada pobo para as obras que vaia habendo, ¿non? Bueno, pois aceptaríamos esa modificación. Vale, pódoo ler para que quede claro si se me desconta o tempo, se o señor Alcalde o ten a ben. A redacción, vale por escrito. Vale podo ler agora se queda algunha dúbida. O terceiro, engadir ao que xa dixo don Ramón. Terceiro, por en marcha experiencias piloto en materia de reciclaxe de materia orgánica, especialmente nos pobos. Esta materia convértese en compós e serve para aboar xardíns.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pásenlla por escrito. Si, pásenlla por escrito mañá.

O sr. González toma a palabra: Entón sería o punto 3, o 4 desaparecería. O 5 que se convertería en 4 e o seis que se convertería en 5. E xa os paso logo por escrito. E ben, pois contestándolle un pouquiño ao señor Fírvida está claro que non le as mocións ou non as entende. Polo menos repásea porque nunca falamos de autopista nas Lamas. Eu non sei de onde saen esas megalomanías. Os contedores de pilas que dicía dona Victoria, de pilas que, ah! Bueno, os contedores efectivamente de pilas, xa estaban, e moitos deles estaban incluso precintados porque levaron os novos e non os recolleron. Hai que recollelos, non levalos. Ten unha lista exhaustiva de puntos e teráa, e seguerá aumentando os puntos de vertidos incontrolados, visto o visto. Claro, xa o sabemos é culpa dos vinteito anos de goberno do Partido Popular, ou é culpa da Deputación, ou que non temos cartiños, ou cos destiñamos a outras cousas que non veñen a nada. Moi ben, sigan así outros dous anos máis que xa lles queda pouco. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas a vostede. Ten a palabra a señora Victoria Morenza.

A sra. Morenza toma a palabra: Moitas grazas. Cando unha empresa ou un convenio de colaboración se distribúen colectores de pilas ou de calquera outro tipo de materiais a calquera concello, o concello ten que facer un seguimento e manter en contacto coa empresa que os subministra e que os recolle para que os recolla. Non traer uns contedores e deixalos aí ao `albur`, que están de feito acumulados aquí nas oficinas municipais, porque non os veu recoller ninguén, porque ninguén chama para facer a xestión, e trátase de facer xestión. De comunicación, de facer xestión, non firmen un convenio e se esquezan de que o firmaron. Por favor, é vergonzoso, vergonzoso. Agora mesmo non temos punto limpo, pero evidentemente saben que pagamos unha contía moi barata, poderíamos dicir, de 120 euros ao mes con Utramí, que nos recolle enseres. Esa parte está agora mesmo cuberta. Dicar tamén que segundo os propios informes do Seprona, da Garda Civil, coméntannos que son as pequenas empresas as que máis xeran este tipo de escombros, que son os que se acumulan nos diferentes vertedoiros incontrolados como así tamén lle teñen informado, e como tamén sabe o



Concelleiro de Medio Ambiente. Entón polo tanto, aclararlles tamén, que un punto limpo non sería tamén para que as pequenas empresas leven os seus residuos. As pequenas empresas teñen outros lugares nos que depositar, e nos que están obrigados a depositar estes residuos. O punto limpo non é para escombreira das pequenas empresas. Dicar tamén que na provincia hai máis de vinte puntos limpos, algúns deles pois evidentemente, mancomunados, e que esta zona, na que nos vivimos, Barbadás, Castrelo de Miño, Taboadela, son uns dos concellos máis abandonados. Vostedes tiveron moitos anos para facer esta xestión, para conseguir un punto limpo, para pedirlle á Xunta a firma dun convenio, para pedirlle á Deputación que servira de intermediaria, como pasou noutros lugares, que foi a Deputación a que tomou un pouco a iniciativa para a posta en marcha de puntos limpos. Liderar e xestionar e solicitar, e non vir agora reclamando cuestións que vostedes tiveron moitos anos para facer e temos fotografías, e así llas faremos chegar, que demostran que estes vertidos levaban aí décadas, anos, algúns deles vinte anos. Vostedes puidéronos haber erradicado, pero foi este goberno o que en tempo record os erradicou. Si señor. E tamén dicirlles outro dos handicaps para este punto limpo, é conseguir terreos, pero evidentemente como vamos a tratar de negociar e acadar acordos con outros concellos limítrofes supoñemos que estes concellos teñen a dispoñibilidade de terreos que ao mellor non temos nós.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten un minuto.

O sr. Padrón toma a palabra: Quero rematar, que eu en ningún momento, non hai unha soa palabra que poña que o punto limpo é para as empresas, ningunha. O punto limpo é para os particulares. As empresas, levan os escombros. Está claro que un punto limpo non se pode levar un camión de escombros, porque hai un determinado número de quilos, escombros. Son para particulares que realizan unha pequena obra na casa e non teñen onde tirar pois catro cestos de escombros. Eu aquí na moción non poño nada de empresas. As empresas levamos os escombros onde hai que levalos, onde os reciclan, e págase por elo e o cliente ten que pagar, pero son toneladas, estamos falando. Aquí, por iso que mencionou agora de pequenas empresas, non, porque na moción non pon nada diso.

Non, tamén, bueno, os que comenten o delitos de verter escombros ao lado dos camiños son pequenas empresas, con particulares, o sexa, todo tipo de

O sr. Alcalde toma a palabra: Por favor.

O sr. Padrón toma a palabra: Se están localizados.

O sr. Alcalde toma a palabra: Señor Ramón ten que rematar.

O sr. Padrón toma a palabra: Se están localizados fagan as correspondentes xestións para que sexan



denunciados esas persoas. Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Como dixo a señora Concelleira, hai dúas semanas, creo que foi, tivemos unha reunión co Seprona. Isto vai para información de todos. E dicirlle tamén ao señor Ramón que precisamente hai que seguir uns pasos, que nos recomendaron eles, para erradicar os vertedoiros. De feito, é isto vai a colación de que vostedes din a moción é del, claro que é del, pero vostedes son responsables durante vinte oito anos, aquí si que teño que por o retrovisor, de certas desfeitas. O xoves, creo que foi, estivemos en Piñor, vendo un vertedoiro que se erradicou neste último mes, e que desde logo era escandaloso o que alí quedou. E dígoo por unha razón, porque vostedes aquí viñeron a facer teatro, non hai moitos meses botando unhas cintas enriba desa alfombra, cando vinte oito anos, vinte oito, resulta que tiñan acumulados metros, e metros, e metros de altura, aquí hai veciños de Piñor que poden dar fe diso que foron erradicados neste último mes. Entón, hai que ser un pouquiño coherentes e demandar o que se pode demandar. Cando se estivo no goberno durante un tempo prolongado, e non se fixo absolutamente nada, absolutamente nada, porque os quilos e toneladas e metros de altura incluso, de escombros, de escombros non, de lixo, falan por si mesmos. Votamos a moción do señor Ramón Padrón. Votos a favor. Non sei se aceptou, ¿aceptou a emenda? Si. Lembrarlle que debe pasar as emendas á señora Esther mañá, para que quede constancia. Si, para facilitar un pouquiño o traballo. ¿Votos a favor da moción? Unanimidade.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:
“ Moción do Grupo Mixto sobre a iniciativa para a creación dun punto limpo supramunicipal”

11. MOCIÓN DO GRUPO MIXTO PARA INCENTIVAR Á REHABILITACIÓN DE VIVENDAS NOS CASCOS ANTIGOS DOS POBOS.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moción do Grupo Mixto para incentivar a rehabilitación de vivendas nos cascos antigos dos pobos. Ten a palabra o seu poñente, o señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Si. Outra moción moi concreta. E que a exposición de motivos creo que a entenderán. Logo das últimas informacións sobre as axudas que a Administración Autonómica pretende poñer en marcha para a adquisición de vivendas no medio rural, e que afectan ao noso Concello tamén, dende o noso grupo municipal queremos propoñer medidas que podan ampliar estas



axudas dende o ámbito municipal. Nos cascos antigos dos nosos pobos existen numerosas vivendas en estado de abandono incluso ruinoso. É responsabilidade do Concello alertar aos propietarios, da necesidade de que estas vivendas non sexan un perigo para o resto dos residentes do seu entorno. Vigas ou pedras desprazadas que podan ocasionar un derrube ou un incendio. Aparte desta labor de control, para que estas desgrazas non sucedan nunca nos nosos pobos, o Concello pode incentivar na medida das súas posibilidades a compra e rehabilitación destas casas. Nos últimos anos tense dado bastante no eido da rehabilitación nos núcleos antigos dos pobos, sen embargo, queda aínda moito por andar. Hai pobos, como Santa Uxía, que presentan unha porcentaxe maioritaria destas vivendas en estado de abandono, a pesares de encontrarse tan preto de Ourense e da súa zona termal. Cando un particular ou unha familia pretende inverter nunha vivenda dun núcleo antigo, cómprea ou herédea, debe afrontar moitos inconvenientes, que non se adapta ao cen por cen ás súas necesidades, pois hai que ceñirse a unha estrutura que xa está feita ou que careza de finca ou patio para o estacionamento dos vehículos. A necesidade de levar a cabo as reformas segundo as normas de Patrimonio, o que demora tamén os prazos de execución, e os inconvenientes que xeran as obras polos espazos reducidos onde se realizan. Esta é unha realidade, en tódalas aldeas dos nosos pobos, do noso Concello, que é inevitable. As veces fai que os potenciais compradores ou promotores destas obras de rehabilitación, se boten para atrás e se adiquen a buscar solares fora dos núcleos dos pobos onde todo isto desaparece. Así, sendo un Concello que medra dada a nosa proximidade coa capital, vemos como medran as cercanías dos cascos vellos pero non así estes. Polo tanto, dende o Concello debemos axudar para que os núcleos dos nosos pobos, algún día chegasen a ser rehabilitados nun cen por cen. Dende Compromiso por Barbadás e tendo en conta os inconvenientes que teñen os que deciden comprar e rehabilitar unha vivenda nos cascos antigos dos pobos, propoñemos ao pleno municipal, a adopción dos seguintes acordos. Ben, na Comisión Informativa trouxemos dous acordos, pero como vimos reticencias por parte do Grupo de Goberno, decidimos acercarnos ata o Concello e informarnos adecuadamente para traerlle o traballo xa medio elaborado. Entón, os acordos que propoñemos, propoñemos unha emenda de substitución aos acordos que estaban na orixe da moción polo seguintes:

Primeiro, instar ao Grupo de Goberno a elaborar unha ordenanza reguladora para a concesión de subvencións para a rehabilitación de vivendas nos núcleos antigos dos pobos. Ao xeito dunha ordenanza reguladora como son as das asociacións veciñais ou culturais ou... Ditas subvencións concederíanse por un importe máximo dun 2% do proxecto de execución material da obra, e tendo en conta nas bases da convocatoria a situación económica do interesado segundo o IPREM. Ben, o dun



2% é porque o Concello cobra un 2% por unha licenza de obra de calquer tipo de obra que se realiza, para facer unha casa. Polo tanto, isto é negociable, o sexa, podería ser un 2% ou un 1%. E o proxecto, o valor do proxecto de execución, tamén poderíamos poñer un teito de financiamento, pois ata 50.000 euros, ou ata 100.000 euros. Ata 100.000 euros, o sexa un proxecto de execución material de 100.000 euros o Concello subvencionaría cun 2%, 2.000 euros, pero na convocatoria, unhas bases segundo a situación económica do interesado, e segundo o IPREM, como o facemos para outras regulacións. E estas subvencións irían con cargo ao orzamento do 2018. Polo tanto, esta é a nosa proposta e xa digo, nós aquí propoñemos un importe máximo dun 2% do proxecto de execución material da obra e aí habería tamén que poñer unha cantidade máxima, poderían ser 50 ou 100.000 euros, e logo tamén hai que contar coa situación económica do interesado segundo o IPREM. Está claro que non é o mesmo, que vaia a rehabilitar unha casa unha familia cunha situación económica non moi vantaxosa, que quen vaia a rehabilitar unha casa sexa un promotor ou un inversor. Está claro. Ben, esa é a nosa proposta.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a señora Fina Varelas.

A sra. Varelas toma a palabra: Primeiro punto, señor Ramón, fágolle unha pregunta. ¿O Concello vai poder dispoñer no exercicio 2018 de diñeiro suficiente para andar pagando obras a particulares? ¿Ou subvencionando este 2%? Precisamente, as obras pola crise que temos están de capa caída. O Concello de Barbadás en épocas boas, a base de licencias ingresaba moito diñeiro ao Concello. Agora temos poucas obras, vostede quere quedar sen as licencias, o sexa, recortar diñeiro e regalalo por outro lado. E segunda cousa, vostede cre que, si vostede subvenciona 2.000 euros como di vostede por unha obra, ¿vostede cre que se van facer máis obras por darlle a un paisano 2.000 euros? Non, señor Padrón. Mire, o problema que temos aquí en Galicia, sobre todo aquí no rural, é que a xente non quere vender. A xente ten propiedades e prefíre telas mirando ca vendelas, porque eu dígollo por experiencia. Eu teño comprado algunhas propiedades e teño preguntado ao mellor cen para comprar dúas. Non, non vendo polos meus fillos, pos meus netos. O Concello o que si que pode regular é, nas propiedades que están abandonadas, casas, como vostede ben di, con tellados mal ou con pedras mal, o Concello si que ten que meter mau neso, porque non podemos permitirmos que un día haxa unha desgraza para calquera veciño ou animais. Entón neso si que pode meter. Agora o Concello, poñerse ou a non cobrar as licencias ou se as cobra a dar un 2%, ¿vostede cree que vai fomentar algo iso? Mire señor Padrón, vostede dedícase a isto, pero vexo que ten moi pouca idea do que é a construción, porque sinceramente eu si me vou facer unha casa e si no Concello me dan 2.000 euros, bueno, collereinos pero é que iso non me vai a animar a facer a casa. O que me vai a animar a facer a casa é



ter casas que se vendan, poñer casas en venta, e para poñer casas en venta a única forma que ten o Concello é aquela casa que está en ruínas mandarlle cartiñas aos propietarios, para que adecenten ou poñan ben, entón que pasa, o paisano vai dicir, uy, teño que gastar aquí dez ou quince mil euros para poñela ben, ou non teño diñeiro ou non me vai ben, bueno pois vámolos venden porque para tela mirando e encima meternos en gastos... A xente si vende así, é a única forma de que se mova, e dígollos porque eu levo vinte anos no sector inmobiliario e sei como pensan os veciños. A xente maior non quere vender, por iso os pobos están como están. Os pobos son preciosos. O pobo de Bentraces, que é un casco antigo bonito. O pobo de Loiro, ten un casco antigo bonito. Todos teñen un encanto, porque os cascos antigos dos pobos falan de historia, e gústannos, e a min especialmente encántanme as casas restauradas, pero cal é o problema, “no vendo, no vendo, no sé cual es el dueño, no me interesa” Ese é o problema señor Padrón, pero o Concello so pode iso, notificar cando hai casas en perigo, ou facer

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten que rematar.

A sra. Varelas toma a palabra: Ou facer como fan en Ourense que a ITE ou unha inspección técnica para poder reformalas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Señora Fina ten que rematar.

A sra. Varelas toma a palabra: É que non hai outra cousa.

A sra. Vispo toma a palabra: Señor Padrón. Eu, bueno, o noso Grupo ve perfecta a moción, o sexa, vamos a ver, vostede o que é o fondo da moción, rehabilitar as vivendas, os cascos antigos dos pobos está perfecta. Eu o que non vemos, o sexa o que nós non vemos é o acordo que, bueno, que fixo agora o cambio. Instar ao Grupo de Goberno a elaborar unha ordenanza reguladora para a concesión de subvencións para rehabilitación de vivendas dos núcleos antigos dos pobos. Logo, explicárame no seu segunda quenda, quen foi o técnico que, bueno, que o asesorou, porque si, si, pero é que non a temos, nunca está. Entón que quere que lle diga eu. Se hoxe temos unha dúbida, a ver. Eu creo que o señor Alcalde tería que, teríamos que pedirlle ao señor Alcalde tódolos Grupos que a señora Interventora estivera nos plenos, porque isto, para estas cousas, porque agora mesmo, o Grupo Popular, podería apoiar a súa moción pero é que nós non sabemos se isto se pode elaborar, ou non. Vamos a ver, nós iríamos máis, llo digo así de claro, por unha convocatoria de subvencións, non por unha ordenanza. O sexa, unha convocatoria de subvencións por exemplo, con cargo, loxicamente ao 2018. ¿Lo pone?

Como unha convocatoria, non como unha ordenanza. Si, estamos lendoa, pero bueno. Vamos a ver. A nosa dúbida é se legalmente se pode facer. Nós iríamos a esa convocatoria, ¿vale? De subvencións



para o 2018, pero mire, non sabemos se vamos a cumprir a regra de gasto, non sabemos se vamos a poder utilizar ese diñeiro. De feito, hai xa concellos que si o están facendo con subvencións de 10.000 euros incluso ata 200.000 euros que saíu fai pouco, ¿vale?, en concellos onde efectivamente lles dan por axuda sobre 2.000 euros a cada vivenda para reformar no casco dos pobos, no casco antigo dos pobos. Entón, nós entendemos que mediante esa concesión de subvencións, si. ¿Ditas subvencións concederíanse por un importe máximo dun 2%? A ver, é que todo está no aire. Realmente nós, que lle quede claro, o Grupo Popular apoiaría esta moción se realmente tivéramos á Interventora aquí, que nos dixera que é factible. Non teríamos ningún problema e que realmente a vemos ben. A vemos ben. Pero non sabemos se no 2018 o Grupo de Goberno vai ter ese diñeiro para facer esa ordenanza de subvencións como vostede lle chama. Que nós chamariamoslle doutra maneira. E segundo, que vai pasar? Non o sabemos, e que é un pouco no aire. Agora, nós se realmente hai un informe, mire, chegamos ata certo punto de que se hai un informe técnico, onde nos din que todo isto é factible, vólvaa traer que o Grupo Popular a vai a apoiar. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Victoria Morenza, ten a súa quenda de palabra.

A sra. Morenza toma a palabra: Evidentemente nós tamén estamos de acordo co trasfondo da moción. Hai axudas similares como di a compañeira Consuelo Vispo. A Deputación acaba de poñer en marcha un plan piloto que supoño que ela coñecerá, nos concellos de Oimbra, que se chama Revivenda, nos concellos de Oimbra e A Veiga, e que é para poñer en marcha logo estas vivendas unha vez rehabilitadas, como vivendas de aluguer. Entón, as condicións son... Dígoo para un pouco ter en conta outras posibilidades. Catro anos de exención do IBI, exención da licenza municipal de obra e subvencións de ata 12.000 euros, e para os inquilinos son subvencionables o 30% de aluguer os primeiros seis meses, e un 15% nos seis meses seguintes. É so un exemplo do que se está facendo noutros concellos, pero claro, coa puntualización de que a Deputación pon enriba da mesa 100.000 euros. Cada un destes concellos so ten que poñer 10.000 euros. Desde o Goberno estamos máis de acordo con esta opción, na que o Concello non se tería que endebedar nin comprometer economicamente, nun grao tan elevado como terían que facer si tivéramos en conta a moción que propón o compañeiro de Compromiso por Barbadás, e penso que bueno, que se debería ir por esa liña. En todo caso, calquera subvención, calquera liña de subvencións que se puxeran en marcha sempre teñen que contar cunha ordenanza reguladora. Iso xa o sabemos todos, e ten que haber un marco legal que regule á iniciativa. En todo caso, sería unha cuestión na que todos nos teríamos que poñer de acordo de cara o ano que ven, para saber o que queremos facer, e por onde queremos empezar.



Evidentemente, estamos empezando de cero. Non é dicir, nunca se fixo algo similar aquí no Concello de Barbadás, é unha idea novidosa que se pode levar a cabo, pero evidentemente, necesitamos colaboración doutras Administracións, que pode ser ou ben a Xunta, ou ben neste caso adherirnos nun futuro, tratar de beneficiarnos deste plan piloto que pon a Deputación Provincial en marcha.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten vostede a palabra señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Nós estamos obrigados a traer mocións para resolver problemas, que existen no Concello. O Concello por moito que miremos para outro lado, ten un problema e non pode quedarse cos brazos cruzados. Ten unhas aldeas nos pobos, que teñen moitísimas casas sen restaurar e en estado de abandono e non habilitadas, cando por fora deses núcleos hai un montón de chalés e vivendas e cada vez constrúense máis porque estamos ao lado da capital e como ben ven estanse construíndo obras. Polo tanto, que pode facer o Concello para, na medida das súas posibilidades, cambiar esa tendencia e que nun futuro, de sabe deus cantos anos, xa sabemos que iso non vai, 2.000 euros, ao mellor a vostede non lle fan nada, pero a unha familia con poucas posibilidades económicas, que xa non é que teña que comprar a casa, senón que a herede, que so teña que arreglala, pero que dispoña de poucas posibilidades económicas, pois 2.000 euros son 2.000 euros que válenlle para pagar parte do proxecto que lle ten que pagar ao arquitecto. Entón, viñemos ao Concello, porque os acordos que estaban postos non estaban ben, e viñemos ao Concello para que a señora Interventora, non so a señora Interventora senón tamén a funcionaria que está en intervención, tamén, me aclararan as dúbidas entón isto é totalmente legal. Instar ao Grupo de Goberno a elaborar unha ordenanza reguladora para a concesión de subvencións para a rehabilitación de vivendas nos núcleos antigos dos pobos. Claro, eu o que non lle vou traer aquí, é a ordenanza xa feita, iso terá que ser labor do Grupo de Goberno, se ten a ben facer algo neste sentido, o sexa se colle o espírito da moción, para facer algo, para que mañá cando nos pregunte un veciño e diga, oe hai algunha axuda para arreglar unha casa vella nos pobos, pois si, algo hai, non non hai nada, váite a outra lado ou amigo, arréglate como poidas. Ben. Simplemente é para iso. Logo despois como se articule esa ordenanza reguladora. Pois terá que ser cousa do, se quere facelo, o Grupo de Goberno e como a quere facer. Se en vez de poñer un 2% quere poñer un 1%, se nas bases da convocatoria os distintos baremos segundo o IPREM, o que teña un IPREM moi baixo, pois poda acceder ao total e poñemos o 2% porque era o prezo que vale a licenza, ou que se cobra por a licenza de obra o Concello, polo presuposto de execución material. Pero vamos, cóbrase un 2%, claro o hício, o hício, non eu digo o hício, é un 2% do presuposto que se presente da execución material. Non, a taxa, é unha taxa pequena que se paga polo papeleo, ¿non?. Eu



estou falando do hício, do que se paga o 2% segundo o proxecto que se presenta.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten dous minutos máis polo debate

O sr. Padrón toma a palabra: Ben, puxemos iso, pero mire, nós retiramos o segundo punto, onde xa se pon unha porcentaxe e onde xa se fala deso. Retiramos o segundo punto da moción sen que ninguén nolo pida, para que o Goberno poda traballar nunha ordenanza axeitada, para que o Goberno poda traballar nunha ordenanza axeitada á dispoñibilidade presupostaria, para que poda mirar os cuartos que ingresou o ano pasado por licenza de obra de casas, destas reformas de casas vellas e poda ver o que iso supón no orzamento do Concello, para que poda traballar

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten que rematar.

O sr. Padrón toma a palabra: Entón, deixamos o punto un, que é instar ao Goberno a elaborar unha ordenanza reguladora para concesión de subvencións para a rehabilitación de vivendas nos núcleos antigos dos pobos e o punto tres, as subvencións irán con cargo ao orzamento de 2018.

O sr. Alcalde toma a palabra: Grazas. Señora Fina.

A sra. Varelas toma a palabra: Aclarar unha cousa, o tema de que os pobos se rehabiliten, os antigos, eu estou de acordo, moi de acordo porque me encantan os cascos antigos dos pobos e me parece que tiñan que estar todos arranxados e axeitados. O que si, o que eu non estaba de acordo era o punto que acaba de quitar, porque claro, aquí non podemos empezar a dicir, a subvencionar a subvencionar con 2.000 con tal, vamos ver, nós non somos un concello rico por desgraza. Non somos un concello con moitos recursos. Temos os recursos escasos, e temos necesidades, e temos necesidades máis imperiosas que isto. E mire, eu estou falando en contra miña, pero vexo as cousas así. E vólvolle a repetir, o problema dos cascos antigos, señor Padrón, é que moita xente non vende. E o outro problema que teñen os cascos antigos, é que hoxe a xente cando fai unha casa quere ter algo de terriño. A metade das casas, por non dicir o 80% nos cascos antigos non teñen nada máis que un patio, e iso tira moito á hora de facer obras. Dígollo porque a min demándanme casas antigas para restaurar con finca. E os cascos antigos dos pobos, por desgraza non teñen fincas. Entón, o gran problema que temos é ese, é a falta de produto no mercado, o sexa, non se poden arranxar casas que non se venden. A única forma, volvo a repetir, traerei unha moción máis adiante, tocante un pouco á súa, pero máis completa, onde o Concello si poda facer algo, e onde si podamos ver resultados, porque a súa moción non digo que non teña boa fe, para nada, para nada, ten boa fe, non, porque mire, vólulle dicir unha cousa. Mire señor Padrón, mire, prefiro traela noutro momento, porque a quero facer ben, a conciencia e ben redactada, porque é unha moción que xa levo como uns seis meses pensando nela, de



feito a alguén xa lle comentei por encima que quería facer unha moción importante para o concello, porque é unha moción, onde pódense restaurar moitísimas casas e ao mesmo tempo o Concello, pode subvencionar pero tamén coller diñeiro, porque aquí o Concello ten que tamén recadar, porque se non recadamos non podemos dar nada, nin un céntimo de euro. Entón señor Padrón, non é por menospreciar a súa moción porque cando faga a miña vou nomear a súa, pero vouna completar máis para que se poda aprobar pro tódolos, oxalá se aprobe por todos, e esa moción sexa unha boa moción e que chegue a bo fin. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

A sra. Vispo toma a palabra: Señora Fina Varelas, recórdolle que o Concello non pode facer negocio, eh! ¿Non sei se o sabe?, non, non, vostede dixo que incluso....Eu recórdollo para que cando o faga en conxunto esa moción que vai facer.

A sra. Fina Varelas toma a palabra: Cando a faga falamos, a estudará, a aprobará, ou non a aprobará, que aínda non fixen, non vamos a debater o que aínda non fixen.

A sra. Vispo toma a palabra: Non, pero bueno, evitábamos o que di o señor Padrón, non, non, como ata agora, como ata agora, non teño nada que dicir.

O sr. Alcalde toma a palabra: Señora Chelo, retome a súa intervención, porque se entran nun debate de vis a vis non, por favor, empece

A sra. Vispo toma a palabra: Vis a vis non, grazas. Señora Morenza, efectivamente ese convenio está feito coa Deputación, tanto Oimbra como A Veiga, pero bueno, iniciativa por parte do Concello ningunha. Pódense adherir pero que empece o Concello a traballar e a solicitar e xa que quere ir a través das Administracións porque según eles o diñeiro non chega, para o 2018 o que lle dixen antes posiblemente poda estar, non estar, pero xa ve que xa derivan a outras Administracións, ¿vale?, as peticións. Despois, vamos a ver, que vostede quita o punto 2, nós lle votaríamos a favor e o facemos, condicionado a un informe técnico da Interventora, e nós lle votamos a favor. Que conste en acta, que si nós, poden facilitarnos ese informe técnico non temos ningún problema e lle votamos que si, o noso Grupo. Sen problema ningún, porque o fondo da moción está correcta pero eu legalmente, xa lle dixen antes, que non sei se pode ser así ou non, non sei se o Concello está capacitado para elaborar unha ordenanza reguladora de concesión de subvencións, para rehabilitar as vivendas. E que non o sei, entón eu fíome da súa palabra, entón podemos votarlle a favor se realmente consta en acta que pedimos un informe técnico.

O sr. Alcalde toma a palabra: Aclararlle que non existe posibilidade de voto condicional.



A sra. Vispo toma a palabra: Pois entón, teno claro.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pero si ela condiciona o voto á iso.

A sra. Vispo toma a palabra: Pero sen non tivemos nada diso. Pero digo de rehabilitación de vivendas eu non teño nin idea. Depende, eh, para todo non. Competencias de outras Administracións, o que está dicindo meu compañeiro non. Entón, a ver.

O sr. Alcalde toma a palabra: O voto e si, non ou abstención.

A sra. Vispo toma a palabra: Señor Padrón, señor Padrón, dígolle. Non, non, vóullo dicir. Acórdase que vostede na Comisión nos dixo que non era legar fraccionar o das subvencións. Non, non, a señora Interventora nos dixo, ata que despois dixo que si que se podía fraccionar pero que era... pois entón ¿vámonos a fiar dunha persoa? Vamos a ver. Teremos que ter un informe por escrito. Entón

O sr. Alcalde toma a palabra: Vamos a ver, vamos a ver, señora Chelo está vostede poñendo en cuestión tamén a capacidade profesional da Interventora, non está aquí presente, creo que debería retirar iso.

A sra. Vispo toma a palabra: Non, non, non, non, ao que me refiro é a un informe escrito, non, non, non,

O sr. Alcalde toma a palabra: Dixo vostede literalmente, ¿nos vamos fiar de?

O sr. Fernández toma a palabra: Interpreta vostede, de verdade

A sra. Vispo toma a palabra: Interprete vostede como queira. Eu dígolle que si teño un informe escrito da señora Interventora, da fe, pero de palabra non, porque xa ve o que pasou o outro día na Comisión Informativa, entón.

O sr. Alcalde toma a palabra: Está dicindo o que está dicindo.

A sra. Vispo toma a palabra: Logo ao final alguén tivo que dicirlle que era legal e ela dicía que non, pero logo reulou dicindo que... A ver, hai cousas que non. A min si me da un informe por escrito, a min sinceramente.

O sr. Alcalde toma a palabra: Estóulle volvendo a aclarar que non hai posibilidade de voto condicionado. Si, non, ou abstención. Son as tres opcións de voto, non hai máis.

A sra. Vispo toma a palabra: Eu xa digo que traemos mocións, señor Padrón, para que queden no limbo, ¿vale? Para que queden no limbo. Vostede as pon para que se poña a traballar o Grupo de Goberno, ¿para que? Si total non o fan. O único é que gastan, gastan, gastan, no que eles queren, nada máis. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Señora Victoria Morenza. Tres minutos.



A sra. Morenza toma a palabra : A ver señora Consuelo Vispo. Vostede leva oito anos, estivo oito anos no goberno, agora leva dous anos no goberno da Deputación e vostede saberá como funciona unha Administración pública. Saberá que un goberno e unha Administración poden elaborar unha ordenanza para conceder subvencións para comprar chuches, se me descoido. Por favor, é que parece mentira que veña dubidando de si podemos facer unha ordenanza porque vostede non sabe de rehabilitación de vivendas, mire para iso xa están os técnicos. A Xunta fai, legisla, a Deputación legisla, os Concellos, e legislan facendo ordenanzas. Vostede, fala vostede de que eu sempre insisto na axuda doutras Administracións, e que a maioría das actuacións que se fan en calquera concello fanse a través de convenios de colaboración, convenios de colaboración coa Xunta, convenios de colaboración entre concellos, convenios de colaboración coa Deputación. Por favor, evidentemente se hai dous concellos, dous concellos que están, que participan nun plan piloto para a posta en marcha para a rehabilitación de vivendas, para dinamizar o rural, que tamén pode ser o caso, o caso Barbadás porque tamén ten rural e tamén ten cascos antigos abandonados, evidentemente o Concello de Barbadás está interesado en poñer en valor os seus cascos antigos, porque son bonitos e estamos moi interesados en facelo. E tamén estamos moi interesados en evitar que as casas estean en ruínas, por iso dicirlle ao señor Padrón que este Goberno está ollo avizor con todas as situacións de ruína inminente que hai, a través, ben de denuncias ou a través das nosas propias iniciativas, que vemos cando unha casa pode estar en ruínas ou non. Hai un montón de expedientes iniciados pero a tramitación para chegar a esas persoas, ou para evitar que a casa termine en estado ruinoso, é, son moi complicadas. Non é tan sinxelo. Por iso sería interesante poñer en marcha un plan de rehabilitación de vivendas, no que todos estamos de acordo. O xeito de facelo pois xa o iremos analizando. Evidentemente se o podemos facer coa colaboración doutras Administracións e temos 100.000 euros enriba da mesa e nós temos que poñer 20.000 ou 10.000, pois evidentemente será un revulsivo. E si podemos colaborar non so coa Deputación senón coa Xunta, pois tamén o será. Evidentemente trataremos de facer os nosos deberes iniciando os trámites necesarios para que isto sexa unha realidade no vindeiro 2018.

O sr. Alcalde toma a palabra: Señor Ramón, ten vostede un minuto.

O sr. Padrón toma a palabra: Señora Fina, vostede reconece o problema que hai cos cascos antigos, pois mire o Concello está obrigado a buscar solucións. O primeiro é alertar desas vivendas que están en estado de abandono e ruinoso, que poden provocar perigo, primeiro para os que viven alí neses cascos, e logo tomando iniciativas que fomenten dentro da medida do posible algo. Xa lle dixen antes un veciño que pregunte hai algunha axuda, pois si, hai algo, algo hai. Non dicirlle, non hai nada.



Entón, isto podémolo facer. Eu respecto o que di o Grupo Popular, pero eu viñen ao Concello, falei coa Interventora, falei coa Gloria que é outra traballadora, e pódense elaborar unha ordenanza reguladora para concesión de subvencións, para rehabilitación de vivendas dos núcleos antigos dos pobos. Punto. Se vostedes necesitan o informe técnico pois mira, xa está, voten en contra, están no seu dereito. E nada máis, suprimimos, xa digo, suprimo o punto dous, para que se regule esa ordenanza de xeito que se adecúe, se adecúe ás disponibilidades orzamentarias do Concello e que tamén, está claro que Barbadás necesita, necesita polo seu volume de poboación e os servizos que presta, necesita axuda da Deputación e da Xunta de Galicia. E a Deputación e a Xunta de Galicia, sobre todo a Deputación.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ramón, remate.

O sr. Ramón toma a palabra: Concede axudas a discreción a quen lle da absolutamente a gana.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pero pídallo despois

O sr. Ramón toma a palabra: E logo, iso si, o que si lle pido á Concelleira, e que non está na moción que elabora bandos, e que os poña nos centro dos cascos antigos

O sr. Alcalde toma a palabra: Dígao despois en rogos e preguntas.

O sr. Ramón toma a palabra: Para que esa xente ,mire polas vivendas que ten en ruínas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Señor Ramón. Falamos antes ao inicio do pleno de respectar os tempos. Neste caso escedéuse case o dobre. Así, se escedeu o dobre. Ten unha quenda para despois en rogos e preguntas. Vamos a ver. Señor Ramón, a moción é fantástica. A moción é fantástica. A nós parécenos ben, creo que a todos nós nos parece ben, aquí. O fondo, pero desde logo a proposta que vostede fai cando as enmenda, está marcando unha pauta de gasto, de gasto, de gasto. Pero vou ás emendas que propuxo. De gasto. A min que vostede me propoña, bueno, pois descontámoslle ao interesado, ou á interesada, un importe do que ten que pagar ao Concello, descontar, non subvencionar, é dicir, aquí fálase ás subvencións irán con cargo ao Concello do 2018. Co cal quere dicir que temos que apoquinar, que apoquinar nós, pagar nós, non. Vostede fáleme de descontarillo no que ingresa, no que ingresa. Bueno, eu non o sei, eu non falei coa Interventora, eu son sei si se pode ou non se pode, Señor Ramón, estou intervindo eu, estou intervindo eu. Entón a idea que vostede propuxo anteriormente de elaborar un plan municipal de axudas que favorezan a compra e rehabilitación de vivenda nos cascos antigos dos pobos, ben, moi ben. Vostede fala desta proposta. Eu non sei si é correcta ou é incorrecta, na que fala no punto dous. Bueno, pero o que si, podemos é sentarnos e falar deste asunto. É que quero invitar a tódolos Concelleiro e Concelleiras a unha



pequena reflexión. Todos falamos de redución de taxas. Reducir as taxas e incrementar as subvencións, pois é que as taxas, reducir as taxas e incrementar as subvencións non é posible. Non é posible. Temos que ver como se fai iso, e como poder argallar a posibilidade de axudar para construír un concello mellor, neste caso rehabilitando. Terémolo que analizar, porque a proposta é boa, pero claro, é que estamos propondo sistematicamente a redución de taxas e aumentar as subvencións. Iso ás veces non é viable. Teremos que priorizar tamén onde queremos reducir esas taxas, onde queremos ter subvencións. Todo, todo, todo, non é viable. Non é viable. Teremos que racionalizar. É unha reflexión, eh!, non é outra cousa. ¿Votos a favor? ¿Abstencións?

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor do Grupo Mixto, e as abstencións de PSdeG-PSOE, BNG, PP e Democracia Ourensana o seguinte acordo: “ **Moción do Grupo Mixto para incentivar á rehabilitación de vivendas nos cascos antigos dos pobos**“

PARTE DE CONTROL.

12.- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.

De conformidade co establecido no artigo 50.2 do ROF (RD 2568/86 do 28 de novembro, e o artigo 22.2a) da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o Concello Pleno queda informado das resolucións de alcaldía ditadas dende a sesión anterior do Pleno.

A Corporación queda enterada das mesmas.

13.-ROGOS E PREGUNTAS.

O sr. Alcalde toma a palabra: Rogos e preguntas, as preguntas por escrito, se queren léanas, pero léanas e nada máis, empeza Compromiso por Barbadás.

O sr. Padrón toma a palabra: Eu xa deixei bastante marxe. Son consciente que se aprobou por un voto solo, pero o interesante é facer algo neste sentido que é o que estiven falando. O interesante é facer algo, por iso xa retiramos o punto dous. Vamos a ver. Rapidamente. En rogos e preguntas. Bueno, pois rogos. Nós propoñemos queremos facer unha pequena reflexión. Queremos facer unha pequena reflexión. Si o Goberno Municipal ten a ben tomalo a nota pois que o tome, senón que actúe como considere oportuno. Modificar a programación do Entroido de maneira que a Queima do Meco



ou acto similar se fagan o mesmo día da foliada, o sexa o martes. Dado o pouco seguimento que ano tras ano, ten esta parte do Entroido o mércores, propoñemos ao Grupo de Goberno que faga unha reflexión de aquí ao vindeiro entroido, que se fale con tódolos colectivos que participan, para que fagan as súas achegas. E xa dado que non temos tradición de entroido, pois mire se non é o meco outra cousa, pero o entroido para nós ten que rematar o martes, porque o mércores non ten sentido ningún. A xente que participa é moi pouca para o grande que é o noso concello, e ano tras ano estámolo vendo, pero nada, seguinos erre que erre. O martes a xente traballa, e

O sr. Alcalde toma a palabra: O mércores

O sr. Padrón toma a palabra: E non o fai. Cremos que ese día, o martes, hai tempo suficiente para, se non é unha queima dun meco pois é un testamento de algo, ou algo, pero que se faga o martes. Esa é a nosa reflexión. Segundo, ¿por que motivo non abre a foliada de entroido a banda de gaitas, Nova Fronteira ou a charanga da Escola de Música? Non o entendemos. Hai queixas pola escaseza de presenza no Concello do Alcalde ou Tenente Alcalde. Estou falando eu. Hai queixas, hai queixas, a nós chégannos queixas dos veciños e trasladámolas ao pleno.

O sr. Alcalde toma a palabra: Por favor, que prosiga o señor Ramón. Estamos interrumpindo.

O sr. Padrón toma a palabra: En traigo queixas de certos veciños. Ao mellor cadrúlle que cando viñeron pois non estaban. Nós estamos na obriga de

O sr. Alcalde toma a palabra: Vamos a ver, un momento. O Alcalde e o Tenente Alcalde non teñen porque estar aquí sistematicamente. Non temos dedicación exclusiva. Cobrámoslle os nosos soldos a vostedes?

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: As funcionarias deste Concello e aquí hai dúas, e que o digan elas, teñen instrucións taxativas de que chamada, veciño, que entra nesta Casa, chamada que se recibe nesta Casa inmediatamente se me pase a chamada ou se me mande un whatsapp, ou se me informe desa chamada ou se me poña en contacto con ese veciño. Inmediatamente, teñen instrucións tódalas funcionarias desta Casa. Todas, todas. Nunca, nunca quedou un veciño sen darlle o seu tempo. Nunca. Nunca.

O sr. Alcalde toma a palabra: Está facendo un análise do que di

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: E teño dous días á semana, os luns non porque traballo, e veño tódalas tardes que fai falta, ¿eh?

O sr. Padrón toma a palabra: Mire, estou na miña quenda de palabra.

O sr. Alcalde toma a palabra: Si, xa está, xa está. Son rogos



O sr. Padrón toma a palabra : Mire estou na miña quenda de palabra e vostede non se ten que poñer connigo así, en primeiro lugar, porque eu traslado unhas queixas dun veciño, e ao mellor non ten razón o veciño. Ten razón vostede e eu non o poño en dúbida o seu traballo. Non o poño, nin o do señor Alcalde. Digo que hai veces que hai xente que se queixa, e seguramente ao mellor esa xente non ten razón, pero eu teño que trasladalo. A min cando mo diga, si trasladéillo, pero sabes o que me contestou, que están aquí sempre, e senón falas coa funcionaria de turno.

Ninguén contestou que estaban aquí sempre, ninguén contestou tal cousa.

O sr. Ramón Padrón toma a palabra: Pero eu teño que contestarlle a ese veciño, e dicirlle, mira, non é que estean aí sempre, pero están moitas veces, se cuadra cando fuches ti non estaban, cando fostes vós non estaban, pero se deixas recada á funcionaria chámalo automaticamente. Entendido. Ben. Isto é un rogo, pero bueno, non é ao Grupo de Goberno, pero neste caso hai unha persoa aquí neste pleno que pertence a un goberno da Deputación que é un organismo provincial moi importante que dispón, que dispón dun orzamento de diñeiro moi grande e que xa que non hai reforma no Estado que permite que as Deputacións manexen un diñeiro impresionante, para repartir a destro e sinistro. Vostede está nun goberno da Deputación, e a día de hoxe, despois de tanto tempo, a Deputación en Barbadás é que non gasta un duro. E logo, unha pregunta que é o tema do imposto de plusvalías. Segundo a sentenza que houbo hai pouco polo Tribunal Constitucional, ¿qué repercusión vai ter no noso Concello?, ¿como se vai a proceder desde o Grupo de Goberno? E si se vai a practicar a devolución inmediata do imposto nos casos en que fose cobrado indebidamente. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Fina, por favor.

A sra. Varelas toma a palabra: Eu non traio nada por escrito. Son dúas cousas que vin e que me gustaría que se subsanaran. Non sei si se chaman as marquesinas ou como se chaman estas cousas que temos nos pobos onde temos o taboleiro de anuncios, están perdidos, pero sucios non, o seguinte. Dan asco, francamente. Eu vin dous ou tres e mirei en dous ou tres sitios por si coincidía que era un que estaba sucio, pois a ver se podedes, aínda que sexa unha vez ao ano límpalo. Non sei si se limpa máis que unha vez pero é que iso da asco. Eu fixéme nos pobos. Por exemplo, dígoche máis, o de Loiro, onde a parada do autobús, iso está, iso de verdade, parei co coche o outro día e dixen, bueno ao mellor solo coincide este, pero hai varios. A palabra é asco, non é outra cousa. E despois xa tamén en canto a xardíns, eu o outro día, debeu ser o Concello de Barbadás, obviamente. Desbrozou na entrada da Valenzá, non é, iso non se chama cortar

A sra. Morenza toma a palabra: Foi á Xunta a instancias do Concello de Barbadás.



A sra. Varelas toma a palabra: Bueno, pois entón se foi á Xunta á instancia, cando volo fagan falade con eles que fagan as cousas mellor, porque iso parece, vamos, eu creo que un neno de catro anos faino mellor. Desastroso. O sexa, quedan herbas longas, queda despois, había non sei se ao mellor foi dos carnavales, ou non, había botes de bebida. Que cando as cousas se fagan, que se fagan ben. Fíxate Victoria, non cho digo por dicir. Está fatal cortado. Eso xa non é cortar o céspede. Desbrozar pero polo menos que desbrocen todo, non unha herba para riba e outra para abaixo. Vamos que. As dúas cuosas que me chamaron a atención. Grazas

O sr. Alcalde toma a palabra: O Partido Popular. Recalco, despois presenten as preguntas por escrito.

A sra. Vispo toma a palabra: Pero as presentamos sempre.

O sr. Alcalde toma a palabra: O meu é recordar que o recorde, con razón

A sra. Vispo toma a palabra: Vamos a ver. Preséntanse sempre. Houbo un mal entendido entre o último pleno e aparte tamén con outra persoa de aquí. O sexa que non me diga vostede nada. A ver.

O sr. Alcalde toma a palabra: Soamente aclaro. Nada máis pido, nada máis.

A sra. Vispo toma a palabra: Menos traballo para vostedes que agora van ter en vez de corenta van a ter oitenta, as anteriores e estas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Non hai problema. Por favor.

A sra. Vispo toma a palabra: Vamos a ver. O rogo, un rogo que non está aquí pero pasaréillo mañá por escrito, é o tema do carnaval. Vamos a ver, vamos baixando nivel. Señora Concelleira, señor Alcalde, vamos baixando nivel. Non temos, o sexa, estánse indo mogollón de comparsas, vale, dito, e vostede o pode saber señora Concelleira e señor Alcalde, se están indo a outras poboacións a desfilar. Primeiro, o venres que se fixo o anuncio do, non me sae a palabra, a presentación do entroido, ¿vale?, houbo dez persoas na praza porque non se, hai que publicalo, porque ninguén se enterou, ¿vale?. Non é que non lle vaian, é que non se enteran. E despois, Barbadás era un referente no carnaval, e o que non pode seguir, é así, baixando nivel, nivel, porque é moi difícil recuperalo. O mércores, sempre se fixo a queima do meco, ¿vale?, a queima do meco, a xente vai igual traballe ou non traballe. ¿Qué pasa? Que cada vez vamos a peor. Iso é un rogo para que vostedes analicen o que pasou estes carnavales, pero nolo trasladan os veciños. Porque aparte de bueno, estar na rúa, estou nunha oficina ao público, e ao día seguinte era vergonzoso o que había que escoitar, ¿vale? Entón, dígoo

A sra. Ánxela toma a palabra: Neste caso, no tema da queima do meco fallou o tema do sonido e pero do resto non teño queixa, todo o contrario, todo o mundo. Eu estiven



A sra. Vispo toma a palabra: Vamos a ver. Estou no meu turno Ánxela.

A sra. Ánxela toma a palabra: Pero son cousas que eu non lle podó permitir, que están

O sr. Alcalde toma a palabra: Pero son rogos, Ánxela é un rogo, é un rogo,

A sra. Vispo toma a palabra: Ánxela, é un rogo. Mira, remítome, para contestarache a iso remítome ás fotos dos anos anteriores. Nada máis. A ver, seguintes preguntas, para, copias das facturas, venta de auga a Loiro 8.345, ampliación de rede 8.525, non digo as datas para non parar. Control de plagas 3.382, servizos eléctricos do museo 4.794, vamos sumando señor Fírvida. Instalacións do CET 2.768, Apalpador 750 euros, pero ata o taxi nos cobrou. Televisión do museo 900 euros, e seguimos sumando. Vóulle traer unha relación no próximo pleno, para

O sr. Fírvida toma a palabra: Tiñan o edificio valeiro

A sra. Vispo toma a palabra: Hoxe está cheo, hoxe esta cheo. Non me contesten por favor, senón estamos aquí ata mañá.

O sr. Alcalde toma a palabra: Téñolle que dar razón ña señora Chelo Vispo. E son rogos por escrito.

A sra. Vispo toma a palabra: Instalacións do CET 1.400. Actuación Piscor e concerto singular, sempre é a mesma empresa, 1.200 euros. Caxoto Apalpador 423. Anexo primeira, mire, moitos anos los fixemos nós e non cobramos absolutamente nada, vale!. O Apalpador por deus déixeo aí.

A sra. Ánxela toma a palabra: Compraban os traxes

O sr. Alcalde toma a palabra: Ánxela por deus.

A sra. Ánxela toma a palabra: Home por favor, é que

O sr. Alcalde toma a palabra: Xa lle contestará vostede cando lle toca, cando lle corresponda.

A sra. Vispo toma a palabra: Vamos ver, non lle consinto que diga que compramos traxes porque non é certo.

A sra. Ánxela toma a palabra: Alugaron.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ánxela, Ánxela por favor.

A sra. Vispo toma a palabra: É igual

O sr. Alcalde toma a palabra: Advírtoa, non responda máis.

A sra. Vispo toma a palabra: Certificación reparación piscinas do 20 de xuño, euroconstruccións Delfín Ferreiro por 16.600. Vinte de xuño e págase en decembro. Wintax, recaudación e xestión tributaria, 21.659 wurht, isto vamos a pedir un informe porque o software non está instalado.

O sr. Fírvida toma a palabra: Non está

O sr. Alcalde toma a palabra: Xosé Manoel



A sra. Vispo toma a palabra : 21.659. Material 1.579. Concepción Paradela Espiñeira, coordinación e organización de obradoiros, Mousión, servizos de formación, formación e consultoría 6.340. Primeira fase do 40% sobre honorarios, Adviser Ingenieros, 5.808. Creación marca turística do Concello, 10.769. Deseño maquetización e impresión museo da música, 5.808, e seguimos sumando, vale?. Xoguetes Quevedo 1.528. Cursos de protocolo, boa falta fai, 484. Gala Pedro Brandariz, 484. Obradoiro de risoterapia, desde Coruña, señora Ánxela, 2.376. Non os haberá aquí. Actuación Fonte da Carreira, 235 euros. Obradoiro recursos humanos, 2.235. Logo din que non hai diñeiro para as subvencións. Mantemento de novembro, vamos a ver, aquí, hai un rogo, de que é, estamos vendo algo que non é normal. Temos unha persoa que é un informático, Ernesto Iglesias Fernández que nos factura tódolos meses 670 euros, 666, e estamos vendo instalacións doutras empresas, Valinfor, por dous mil e pico, outras, a ver eu, isto non me cabe na cabeza, vale. Pero bueno, indagaremos sobre todo isto. Proxecto Concenciate, ponencia xénero entre a mocidade 1.000 euros. Eu non sei cando foi isto. Conferencia curso paquetería creativa, 480. Definición de mapas de fortalezas e oportunidades de a Universidade de Vigo, estamos esperando a memoria, eh! Señor Fírvida. Talleres Escola de familias, logo me dirán cantas persoas foron a este taller. Comida de nenos, 316, que xa mo explicaron. Festa infantil de Reis, 1.258. Urdime Sociedad Cooperativa Galega, moi repetida, 1.800 euros. Reforzo ludoteca, 1.173 en Nadal, vamos a ver, o que non é normal neste concello, é un rogo que lle vou facer señor Alcalde, é que lle teñan que dar vacacións a tódolos técnicos da Casa da Xuventude pola súa mala xestión e que teñan que traer porque so había dúas persoas, e haxa que contratar a unha empresa externa. Así, que máis da, vamos a gastar que non pasa nada. Reforzo ludoteca, xa o dixen. Visita o Apalpador 180 euros, polo burro. Comida servizos sociais 3.700, 3.600. Señor Sarín

O sr. Fernández toma a palabra : Non sería pulpo

O sr. Alcalde toma a palabra: Por favor

A sra. Chelo Vispo toma a palabra : Señor Alcalde, señor Núñez, se é así o que realmente me explicou doulle a noraboa

O sr. Núñez toma a palabra : Xa llo expliquei

A sra. Vispo toma a palabra: Doulle a noraboa, de verdade, pero queremos copia das facturas. Limpeza, que bueno, a limpeza dos colexios de 7.240, aquí hai un rogo, que non coincide as facturas de Élite co o prego de condicións, o sexa, contrastamos as facturas desde, que se firmou, desde o 23 de novembro, e as facturas non coinciden co prego de condicións. Ao mellor hai unha explicación, a ver, non pensando mal, eh! Senón que non coinciden, os colexios non é este importe, tódalas



dependencias, non é o importe, as condicións que poñen. Míreno e nos contestan, porque non ,non, non, Victoria, é igual, sei o que me dis, pero é a partir de decembro, decembro e xaneiro non coinciden as facturas. Entón mirádeo. Podo estar equivocada, eh! Pero eu collín o prego de condicións que se nos deu e non coincide co que pon alí. Pero bueno, digo que o deixo enriba da mesa e que podo estar equivocada, pero é un rogo para que o miredes. Representación de espectáculos Violeta Coletas, Urdime, outra empresa moi asidua neste Concello, 1.452. Wuthr, soporte mantenimiento aplicaciones, 769, 835. Señora Victoria, xa sabemos que as fotos lle saen moi ben coa súa nova tablet Samsung 241,92 e a funda que tamén debe ser bonita, 30,52. Por iso saen unhas fotos tan maravillosas, esperemos que a tablet quede os fins de semana no concello, porque non é de uso particular. O taxi do Apalpador 110 euros.

A sra. Ánxela toma a palabra: Non, non o apalpador non cobrou taxi, non é taxi, é o transporte do burro.

A sra. Vispo toma a palabra: Aquí pon taxi, eh!

O sr. González toma a palabra: Sae caro ese capricho

A sra. Vispo toma a palabra: Ánxela, aquí pon taxi Apalpador, síntoo, síntoo. Como dixo o señor Alcalde son como o CSI

O sr. Alcalde toma a palabra: E o FBI xuntos.

A sra. Vispo toma a palabra : Todos xuntos.

O sr. González toma a palabra : Boa falta fará, visto o visto, aínda haberá que chamar aos da

O sr. Alcalde toma a palabra: O Trump, chame ao Trump

A sra. Vispo toma a palabra: Señor Alcalde, loxicamente, é o noso deber como oposición.

O sr. Alcalde toma a palabra: Si, si, si, claro que si.

A sra. Vispo toma a palabra: Bueno, aquí hai un autobús que me imaxino, podo imaxinar o que é, autocares Alfer, Valenzá-Bergondo-Valenzá, 5.537. Imaxino o que pode ser. Vale, o que pasa que pon iso. A ver, que o aclaredes e punto. María Torres Cidre, estudos, traballos técnicos e embargos, 2.016, que alguén me explique isto. Berta Ramos Nespereira, 471, campaña de comercio local. Logo, vamos a ver, isto si que non o entendo, un proxecto da pista de skate por Equipalia, 4.598 euros. Un proxecto, eh! Está feito, está feito, hai outro feito. Hai outro feito, ¿vale? Despois, vamos a pedir a lista, o que dixeran o outro día nas Comisións, home Fírvida, vale pois estaba. Lista de terceiros. E que 4.598, vamos a ver. Un proxecto .

O sr. Alcalde toma a palabra: Non estamos debatendo sobre o contido das preguntas. Estamos



facendo as preguntas.

A sra. Vispo toma a palabra: Vale, vale, vale. Lista de terceiros das seguintes empresas desde o 1 de xaneiro do 2016 a fecha de hoxe. O que dixemos na Comisión Informativa, os vamos a pedir das seguintes empresas, ¿vale? Cristina Gómez Dobarrio, Diego Conde Rodríguez, que son os apareladores. De Wuthr, de Élite Gallega, de Cultura Activa Sociedad Cooperativa Gallega, Urdime sociedad cooperativa galega, e Puri Combarros Leal, Alejandro Sánchez Senrra, Moución SL e Cerrajería Artística Borrajo. A ver, temos un rogo, cando se faga algo que realmente non compete a este Concello, hai que ter moito coidado. Fíxose unha fonte nun colexio cando é competencia, non do Concello. Entón vamos a pedir esa factura e tomaremos medidas onde haxa que tomalas. Nada máis. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Grazas.

Queda levantada a sesión.

As preguntas serán contestadas por escrito.

Concluído o anterior, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as no lugar e data ó principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, dou fe.